

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Anatomía aplicada	1º Bac.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Anatomía aplicada de 1ºBAC ten como referencia o Anteproxecto do Decreto do currículo das materias optativas no Bacharelato do 2022, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta materia pretende que o alumnado comprenda e valore o corpo humano con respecto á saúde e as súas manifestacións artísticas. Tamén é unha oportunidade para relacionar os coñecementos adquiridos con etapas posteriores por exemplo, os ciclos formativos e graos relacionados coas ciencias da saúde e a actividade física, ou mesmo con ensinanzas artísticas superiores.

Os rapaces e rapazas deste curso sitúanse na última etapa de operacións formais onde o individuo vólvese un ser reflexivo, capaz de aprender sistemas abstractos do pensamento que lle permiten usar a lóxica proposicional (inferencia obtida a partir da relación entre dúas premisas), o razoamento científico (pensamento hipotético-dedutivo), o razoamento combinatorio (busca de múltiples combinacións) e o razoamento proporcional (cálculo ou estimación de probabilidades) o que lle permite abordar os contidos desta materia, sempre e cando o proceso de ensino e aprendizaxe se axuste as súas necesidades.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que afonda nos coñecementos adquiridos na Educación Secundaria Obrigatoria, especialmente en 3ºESO. Neste sentido esta materia céntrase no estudo do corpo humano facendo fincapé na anatomía e fisioloxía, así como das enfermidades máis comúns de cada un dos aparatos e sistemas que integran o organismo, sen esquecer a importancia dos hábitos saudables.

O grupo seleccionado está composto por 26 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 15 e 16 anos. Non hai alumnado repetidor nin ACNAE.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos, procesos, métodos, experimentos ou resultados relacionados coa anatomía humana.	1-2	1	4	2-3	40			
OBX2 - Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando a información, avaliándoa criticamente, e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas relacionadas coa anatomía humana.	2-3	1	4	1-2-4	40	1		2
OBX3 - Analizar traballos de investigación ou divulgación relacionados coa anatomía humana comprobando con sentido crítico a súa veracidade e/ou se seguen correctamente os pasos do método científico para avaliar a fiabilidade das súas conclusións.	5	1	2-3-4	1-2	40	2-3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expor e resolver problemas e cuestións buscando e utilizando as estratexias adecuadas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento se fose necesario, para explicar fenómenos relacionados coa anatomía humana.	2		1-2	1-5	50		1	
OBX5 - Analizar criticamente os efectos de determinadas accións sobre a saúde baseándose nos fundamentos da anatomía humana para promover e adoptar hábitos que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.	2		2-5	4	20	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos anatómicos humanos utilizando fundamentos científicos para explicar a súa fisioloxía e relacionar esta coas actividades físicas e artísticas.	1-2	1	2-4	1	20-50		1	2-31-32

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A organización do corpo humano	Nesta unidade descríbese a organización xeral do corpo humano a través do estudo dos niveis de organización e as funcións vitais.	9	12	X		
2	Planos, cavidades e rexións do corpo humano	Nesta unidade estúdanse os planos, cavidades e rexións do corpo humano.	7	4	X		
3	Aparato locomotor (I). Sistema esquelético	Nesta unidade abórdase a anatomía e fisioloxía do sistema óseo xunto coas enfermidades e hábitos saudables	9	15	X		
4	Aparato locomotor (II). Sistema muscular	Nesta unidade trabállase o sistema muscular xunto coas enfermidades e hábitos saudables, e tamén as características das accións motoras	9	15	X		
5	Os sistema de achega e utilización de enerxía. O aparato dixestivo	Nesta unidade estúdase a anatomía e fisioloxía do aparello dixestivo facendo fincapé no metabolismo. Ademais abórdase as enfermidades máis comúns e a importancia dos hábitos nutricionais para a saúde.	9	13		X	
6	Anatomía e fisioloxía do aparato respiratorio	Nesta unidade estúdase a anatomía e fisioloxía do aparello respiratorio e fonador ao igual que as enfermidades e hábitos saudables.	9	13		X	
7	Anatomía e fisioloxía do aparato circulatorio	Nesta unidade trabállase a anatomía e fisioloxía do aparello circulatorio ademais das enfermidades e hábitos saudables.	9	13		X	
8	Anatomía e fisioloxía do aparato excretor	Esta unidade focaliza o seu estudo na anatomía e fisioloxía do aparello excretor así como tamén as enfermidades máis comúns e hábitos saudables.	9	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Anatomía e fisioloxía do aparato reprodutor	Nesta unidade abórdase a anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor analizando as enfermidades e hábitos saudables asociados a dito aparello	9	13			X
10	A coordinación nerviosa	Nesta unidade estúdase a anatomía e fisioloxía do sistema nervioso así como tamén dos órganos sensoriais e o efecto das drogas sobre a saúde.	9	13			X
11	A coordinación hormonal	Nesta unidade trabállase a anatomía e fisioloxía do sistema endócrino xunto coas enfermidades e hábitos saudables	9	13			X
12	A comunicación corporal	Esta unidade céntrase na expresión corporal como linguaxe de comunicación.	3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A organización do corpo humano	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - escribir a organización xeral do corpo humano a través da localización dos diferentes tecidos, órganos, aparellos e sistemas, e a identificación das súas funcións.	Identificar as funcións e localizar os tecidos, órganos aparellos e sistemas	PE	65
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas en relación a organización do corpo humano.	TI	35
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Realizar prácticas de laboratorio sobre tecidos animais utilizando estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar o laboratorio de forma segura e respectuosa co medio natural.		
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel da muller nela.	Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel da muller nela coa realización dun traballo sobre Rosalind Franklin.		
CA2.3 - Interpretar e comprender a evolución dos canons de beleza ao longo da historia e a súa influencia na sociedade.	Recoñecer os canons de beleza ao longo da historia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe. - Formulación de hipóteses e preguntas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información. - Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros). - Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos. - Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel da muller. - Niveis de organización do corpo humano. - As células - Os tecidos. - Os órganos, aparellos e sistemas. - Funcións vitais. - Os canons de beleza ao longo da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	Planos, cavidades e rexións do corpo humano	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Coñecer a metodoloxía científica sobre planos, cavidades e rexións do corpo humano.	TI	100
CA2.1 - Identificar e localizar os termos básicos da anatomía humana utilizando diagramas e modelos.	Identificar e localizar os termos básicos da anatomía humana utilizando diagramas e modelos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía básica da anatomía humana. - Planos e cortes anatómicos. Posición e dirección. - Rexións e cavidades do corpo humano.

UD	Título da UD	Duración
3	Aparato locomotor (I). Sistema esquelético	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1.1. - Localizar e diferenciar os compoñentes do sistema óseo empregando diagramas e modelos.	Localizar e diferenciar os compoñentes do sistema óseo empregando diagramas e modelos.	PE	70
CA7.2.1. - Explicar a fisioloxía do sistema óseo a través da función de ósos e articulacións.	Explicar a fisioloxía do sistema óseo a través da función de ósos e articulacións.		
CA7.3.1. - Identificar as principais enfermidades e lesións do sistema óseo recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.	Identificar as principais enfermidades e lesións do sistema óseo recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.		
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o sistema óseo e as principais enfermidades relacionadas con el.	TI	30
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Realizar prácticas no laboratorio sobre estrutura dos ósos de diferentes animais, utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural o laboratorio.		
CA7.1 - Localizar e diferenciar os compoñentes do aparello locomotor empregando diagramas e modelos.		Baleiro	0
CA7.2 - Explicar a fisioloxía do aparello locomotor a través da función de músculos, ósos e articulacións.			
CA7.3 - Identificar as principais enfermidades e lesións do aparello locomotor recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe. - Formulación de hipóteses e preguntas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información. - Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros). - Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos. - Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Aparello locomotor. Os músculos, os ósos e as articulacións. - Anatomía e fisioloxía. - Enfermidades e lesións do aparello locomotor. - Hábitos e costumes saudables. A hixiene postural. - Importancia do quecemento e da recuperación na práctica de actividade física

UD	Título da UD	Duración
4	Aparato locomotor (II). Sistema muscular	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1.2. - Localizar e diferenciar os compoñentes do sistema muscular empregando diagramas e modelos.	Localizar e diferenciar os compoñentes do sistema muscular empregando diagramas e modelos.	PE	70
CA7.2.2. - Explicar a fisioloxía do sistema muscular a través da función de músculos.	Explicar a fisioloxía do sistema muscular a través da función de músculos.		
CA7.3.2. - Identificar as principais enfermidades e lesións do sistema muscular recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.	Identificar as principais enfermidades e lesións do sistema muscular recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.		
CA7.4 - Comprender a biomecánica humana relacionándoa coas súas aplicacións.	Comprender a biomecánica humana.		
CA7.5 - Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos e elementos do movemento e relacionándoa coa finalidade expresiva das actividades artísticas.	Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos e elementos do movemento.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o o sistema miuscular, as enfermidades relacionadas con el e o movemento.	TI	30
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Realizar prácticas de laboratorio sobre músculos e tendóns de polo, utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar o laboratorio de forma segura e respectuosa co medio natural.		
CA7.1 - Localizar e diferenciar os compoñentes do aparello locomotor empregando diagramas e modelos.		Baleiro	0
CA7.2 - Explicar a fisioloxía do aparello locomotor a través da función de músculos, ósos e articulacións.			
CA7.3 - Identificar as principais enfermidades e lesións do aparello locomotor recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe. - Formulación de hipóteses e preguntas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información. - Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros). - Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos. - Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - Aparello locomotor. Os músculos, os ósos e as articulacións. - Anatomía e fisioloxía. - Enfermidades e lesións do aparello locomotor. - Hábitos e costumes saudables. A hixiene postural. - Importancia do quecemento e da recuperación na práctica de actividade física - O movemento. - Termos e elementos do movemento.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Características da execución das accións motoras. - Biomecánica humana e as súas aplicacións. - O movemento como ferramenta artístico-expresiva.

UD	Título da UD	Duración
5	Os sistema de achega e utilización de enerxía. O aparato dixestivo	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes explicando as estruturas orgánicas implicadas en cada un.	Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes explicando as estruturas orgánicas implicadas en cada un.	PE	70
CA3.2 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as súas diferenzas e funcións básicas.	Relacionar a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo.		
CA3.3 - Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde relacionando os tipos de dietas co balance enerxético establecido segundo as actividades realizadas.	Relacionar os tipos de dietas co balance enerxético establecido segundo as actividades realizadas.		
CA3.4 - Identificar os trastornos alimenticios máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde, analizando os factores sociais que conducen á aparición dos mesmos.	Identificar os trastornos alimenticios máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde.		
CA3.5 - Identificar e diferenciar os procesos que comprende o metabolismo aeróbico e anaeróbico establecendo os mecanismos enerxéticos que interveñen na acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.	Identificar e diferenciar os procesos que comprende o metabolismo aeróbico e anaeróbico establecendo os mecanismos enerxéticos que interveñen na acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.		
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o aparato dixestivo, as enfermidades relacionadas con el e o metabolismo.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - O aparello dixestivo. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Alimentación e nutrición. Tipos de nutrientes e de alimentos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dieta equilibrada e a súa relación coa saúde. Balance enerxético. - Pautas saudables de alimentación en función da actividade realizada. - Trastornos do comportamento nutricional: dietas restritivas, anorexia e bulimia. - Factores sociais e derivados da propia actividade física e artística que conducen á aparición de distintos tipos de trastorno do comportamento nutricional. - Metabolismo humano. - Principais vías metabólicas de obtención de enerxía. Metabolismo aeróbico e anaeróbico. - Metabolismo enerxético e actividade física.

UD	Título da UD	Duración
6	Anatomía e fisioloxía do aparato respiratorio	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1.2. - Recoñecer as características xerais dos aparellos respiratorio e fonador e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos	Recoñecer as características xerais dos aparellos respiratorio e fonador e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos	PE	70
CA4.3 - Explicar os movementos respiratorios de inspiración e expiración distinguindo os órganos e estruturas implicadas.	Explicar os movementos respiratorios de inspiración e expiración distinguindo os órganos e estruturas implicadas.		
CA4.4.2. - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos	Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas e síntomas.		
CA4.5.2. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos respiratorio e fonador localizando, seleccionando e organizando a información.	Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos respiratorio e fonador localizando, seleccionando e organizando a información.		
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre os aparatos respiratorio e fonador e as principais enfermidades relacionadas con eles.	TI	30
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Realizar prácticas de laboratorio sobre a estrutura do aparato respiratorio de vaca e a utilización do fonendoscopio, utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar o laboratorio de forma segura e respectuosa co medio natural.		
CA4.1 - Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos.		Baleiro	0
CA4.4 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.			
CA4.5 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador localizando, seleccionando e organizando a información.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe. - Formulación de hipóteses e preguntas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información. - Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros). - Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos. - Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - O aparello respiratorio. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - O proceso respiratorio. - Coordinación da respiración co movemento corporal e a súa intensidade. - Enfermidades e hábitos saudables. - O aparello fonador. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
7	Anatomía e fisioloxía do aparato circulatorio	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1.1. - Recoñecer as características xerais do aparello circulatorio e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman dito aparello empregando diferentes soportes e recursos	Recoñecer as características xerais do aparello circulatorio e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman dito aparello empregando diferentes soportes e recursos	PE	70
CA4.2 - Explicar o percorrido do sangue na circulación maior e menor identificando as estruturas implicadas en imaxes en diferentes formatos, e valorando os parámetros de saúde cardiovascular.	Explicar o percorrido do sangue na circulación maior e menor identificando as estruturas implicadas en imaxes en diferentes formatos.		
CA4.4.1. - Analizar as enfermidades máis comúns do aparello circulatorio relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Analizar as enfermidades máis comúns do aparello circulatorio relacionándoas coas súas causas e síntomas.		
CA4.5.1. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionado co aparello circulatorio localizando, seleccionando e organizando a información.	Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionado co aparello circulatorio localizando, seleccionando e organizando a información.		
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre aparato circulatorio e as enfermidades relacionadas con el.	TI	30
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Realizar prácticas de laboratorio sobre o corazón de vaca, medición da tensión e do pulso e utilización do fonendoscopio, utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar o laboratorio de forma segura e respectuosa co medio natural.		
CA4.1 - Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos.		Baleiro	0
CA4.4 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.			
CA4.5 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador localizando, seleccionando e organizando a información.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe. - Formulación de hipóteses e preguntas. - Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información. - Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros). - Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos. - Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente. - O aparello circulatorio. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - A circulación. - Parámetros de saúde cardiovascular. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
8	Anatomía e fisioloxía do aparato excretor	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1.1. - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor empregando diferentes soportes e recursos	Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor empregando diferentes soportes e recursos	PE	70
CA5.2.1. - Analizar as enfermidades máis comúns do aparello excretor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Analizar as enfermidades máis comúns do aparello excretor relacionándoas coas súas causas e síntomas.		
CA5.3.1. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor localizando, seleccionado e organizando a información.	Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor localizando, seleccionado e organizando a información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o aparato excretor e as enfermidades relacionadas con el.	TI	30
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.		Baleiro	0
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.			
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - O aparello excretor. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
9	Anatomía e fisioloxía do aparato reprodutor	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1.2. - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello reprodutor empregando diferentes soportes e recursos	Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.	PE	70
CA5.2.2. - Analizar as enfermidades máis comúns do aparello reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Analizar as enfermidades máis comúns do aparello reprodutor relacionándoas coas súas causas e síntomas.		
CA5.3.2. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.	Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o aparato reprodutor e as enfermidades relacionadas con el.	TI	30
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.		Baleiro	0
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.			
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - O aparello reprodutor. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
10	A coordinación nerviosa	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1.1. - Valorar o sistema nervioso como responsable da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as súas características xerais.	Valorar o sistema nervioso como responsable da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as súas características xerais.	PE	70
CA6.2.1. - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso empregando diferentes soportes e recursos.	Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso empregando diferentes soportes e recursos.		
CA6.3 - Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios relacionándoos cos órganos implicados en cada un utilizando esquemas ou debuxos.	Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios relacionándoos cos órganos implicados en cada un utilizando esquemas ou debuxos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5.1. - Analizar as enfermidades máis comúns do sistema nervioso relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.	Analizar as enfermidades máis comúns do sistema nervioso relacionándoas coas súas causas e síntomas e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.		
CA6.6.1. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema nervioso localizando, seleccionado e organizando a información.	Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema nervioso localizando, seleccionado e organizando a información.		
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o sistema nervioso e as enfermidades relacionadas con el.	TI	30
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Realizar prácticas de laboratorio sobre a disección dun cerebro de cordeiro e o homúnculo sensorial, utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Utilizar o laboratorio de forma segura e respectuosa co medio natural.		
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel da muller nela.	Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, realizando un traballo sobre Santiago Ramón y Cajal.		
CA6.1 - Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as características xerais de cada un deles.		Baleiro	0
CA6.2 - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.			
CA6.5 - Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.			
CA6.6 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistemas nervioso e endócrino localizando, seleccionado e organizando a información.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.

Contidos

- Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe.
- Formulación de hipóteses e preguntas.
- Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información.
- Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros).
- Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos.
- Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.
- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel da muller.
- O sistema nervioso.
- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.
- Os órganos sensoriais. Anatomía e fisioloxía.
- Movementos reflexos e voluntarios.
- Enfermidades e hábitos saudables.
- Drogas legais e ilegais. Prevención e efectos sobre a saúde.

UD	Título da UD	Duración
11	A coordinación hormonal	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1.2. - Valorar o sistema endócrino como responsable da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as súas características xerais	Valorar o sistema endócrino como responsable da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as súas características xerais	PE	70
CA6.2.2. - Describir a anatomía e función das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.	Describir a anatomía e función das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.		
CA6.4 - Diferenciar as funcións de cada glándula endócrina localizando cada unha delas e empregando diferentes soportes e recursos.	Diferenciar as funcións de cada glándula endócrina localizando cada unha delas e empregando diferentes soportes e recursos.		
CA6.5.2. - Analizar as enfermidades máis comúns do sistema endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Analizar as enfermidades máis comúns do sistema endócrino relacionándoas coas súas causas e síntomas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6.2. - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema endócrino localizando, seleccionado e organizando a información.	Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema endócrino localizando, seleccionado e organizando a información.		
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o sistema endócrino e as enfermidades relacionadas con el.	TI	30
CA6.1 - Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as características xerais de cada un deles.		Baleiro	0
CA6.2 - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.			
CA6.5 - Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.			
CA6.6 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistemas nervioso e endócrino localizando, seleccionado e organizando a información.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - O sistema endócrino. - Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía. - A función hormonal. - Enfermidades e hábitos saudables.

UD	Título da UD	Duración
12	A comunicación corporal	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre a comunicación corporal e as actividades artísticas.	TI	100
CA8.1 - Recoñecer as características principais da motricidade humana poñendo de manifesto o seu papel no desenvolvemento persoal e social.	Recoñecer as características principais da motricidade humana.		
CA8.2 - Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento, da utilización de elementos rítmicos, obxectos e con focos expresivos.	Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento, da utilización de elementos rítmicos, obxectos e con focos expresivos.		
CA8.3 - Identificar as diferentes formas de expresión corporal recoñecendo a capacidade do corpo para manifestarse cunha linguaxe propia como fonte de desenvolvemento creativo.	Identificar as diferentes formas de expresión corporal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas. - Características da motricidade humana. Achegas das actividades físicas e artísticas no desenvolvemento persoal e da sociedade. - Toma de conciencia do corpo e do espazo. Movemento e elementos rítmicos. Focos expresivos do corpo. - Formas de expresión corporal e fontes de desenvolvemento creativo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No bacharelato, dadas as características do alumnado en canto á súa madurez intelectual, é posible aumentar a autonomía na aprendizaxe respecto a cursos anteriores. Dita autonomía non significa que os estudantes traballen unicamente de xeito individual, senón que poderán facelo en pequenos grupos, desenvolvendo actitudes de cooperación entre eles.

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e a metodoloxía didáctica será activa, potenciadora da aprendizaxe construtiva favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos, promovendo o traballo cooperativo e aplicando os métodos apropiados de investigación subliñando a relación dos aspectos teóricos coas súas aplicacións prácticas. É por iso que utilizarase estratexias didácticas variadas, que combinen, dun xeito en que cada docente considere máis apropiada, as estratexias expositivas acompañadas de actividades de aplicación e as estratexias de indagación.

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso

Baseándonos no anterior, e co fin de desenvolver as capacidades que os obxectivos de bacharelato requiren propóñense as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, e que permita a comunicación e o intercambio de saberes e experiencias na aula como base para o desenvolvemento integral como persoas.

- Propiciar a construción dunha imaxe da ciencia, e en particular da fisioloxía humana, non estática, entendendo que a provisionalidade das súas conclusións e teorías é unha das súas características fundamentais.

- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuencia de actividades, e facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.

- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante o desenvolvemento de prácticas de laboratorio. Estas actividades proporcionalle aos estudantes un campo de probas onde poden ampliar as súas experiencias e modificar as súas ideas e interpretacións facéndoas máis coherentes co coñecemento científico e, ademais, posibilita a súa conexión coa realidade. Non podemos esquecer que unha materia de ciencias que non teña prácticas de laboratorio queda totalmente afastada da realidade científica actual e implica a perda de coñecemento imposible de adquirir de forma teórica.

- Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida cotiá, mediante análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade, etc., combinadas con informes ou traballos específicos utilizando diferentes formatos.

- Favorecer o uso das tecnoloxías da información e a comunicación valorando a súa importancia na sociedade actual e propiciando a súa integración na aula.

TIPOS DE ACTIVIDADES

Realizaranse actividades diversas de acordo coa seguinte secuencia didáctica:

-Actividades de iniciación: necesarias para coñecer as ideas previas do alumnado sobre os contidos que se van tratar con posterioridade; para que os alumnos e alumnas recorden coñecementos e comprobén que estes deben ser ampliados e transformalos e para dispoñelos favorablemente para a aprendizaxe.

-Actividades de desenvolvemento e estruturación: serven para que o alumnado tome contacto, poña en práctica e asimile os contidos, compare os coñecementos anteriores cos novos e para que incorpore os novos contidos á súa experiencia persoal.

-Actividades de aplicación e afondamento: necesarias para que os estudantes amplíen e apliquen as novas situacións e contextos os coñecementos adquiridos.

-Actividades de consolidación e síntese: para dar solidez e firmeza ao aprendido.

-Actividades de reforzo: para aqueles estudantes que non progresan adecuadamente.

-Actividades específicas de avaliación que serven para comprobar o grao de aprendizaxe logrado polos alumnos e alumnas e para detectar erros, inexactitudes e dificultades nos coñecementos adquiridos e para reforzar aprendizaxes

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos do alumnado.
Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, valoraranse as competencias e coñecementos previos do alumnado necesarios para enfrontar a materia. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Así mesmo, esta información utilizarase para consensuar a distribución do alumnado na aula con criterios pedagóxicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	5	6	6	6	6	6	6	5
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	83	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	17	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	6	6	6	6	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias clave como a consecución dos obxectivos.

En cada un dos tres trimestres realizaranse varias probas escritas (de 2 a 4) cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación.

En cada avaliación teranse en conta os seguintes criterios:

- Realización de probas escritas: a media da nota obtida nas dúas probas representará o 80% da nota da avaliación.
- Resolución de exercicios: Os boletíns de exercicios que realizarán e entregarán á profesora para a súa corrección e avaliación suporá un 10% da nota.
- O 10% restante obterase da corrección de proxectos de investigación e/ou informes de actividades prácticas no laboratorio. As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

As notas dos exames inferiores a 4 puntos indicarán que o alumno non superou os contidos mínimos establecidos e, polo tanto, deberá recuperar esa parte da materia. Con un ou máis exames con notas comprendidas entre 4 e inferiores a 5, poderase aprobar a avaliación se a media de estas probas é igual ou superior a 5.

A cualificación de cada avaliación só será positiva se os estudantes superan todos os contidos mínimos establecidos para cada avaliación e o aprobado establécese no cinco.

No caso de decimais na nota de cada avaliación seguiranse os seguintes criterios para asignar unha cualificación na materia, no boletín da avaliación:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación)

Para o cálculo da cualificación final da materia procederase do seguinte xeito:

Calcularase o 70% da media de todos os exames do curso e sumaráse a media dos apartados b e c, que representan o 30% da nota. No caso de decimais na nota final da materia, seguirase o mesmo criterio que o utilizado

para a cualificación de cada avaliación:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6,6 correspóndelle un 7 na avaliación)

Criterios de recuperación:

O alumnado que teña unha cualificación negativa nalgunha das tres avaliacións do curso realizará, no mes de xuño, unha proba final para poder recuperalas. A cualificación nesta proba final representará o 100% da nota da avaliación ou avaliacións suspensas. O aprobado establécese no cinco.

Avaliación extraordinaria

Os alumnos e as alumnas que ao remate do período ordinario non supere a materia poderán realizar unha proba escrita extraordinaria a finais de xuño.

A cualificación nesta convocatoria será o 100% do resultado de dita proba. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5.

No caso de decimais na cualificación extraordinaria, seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7 na avaliación).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non teñen materias pendentes ao tratarse de 1º Bacharelato.

Co alumnado que curse 2º de Bacharelato coa materia de Bioloxía , Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1º de Bacharelato suspensa tomaranse as medidas acordadas no Departamento, que quedan reflectidas no plan de reforzo para alumnado pendente e que se lles entrega a cada alumno ou alumna e ás súas familias nas primeiras semanas do curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non se aplica

6. Medidas de atención á diversidade

No bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas e intereses están a miúdo bastante definidas, a organización da ensinanza permite que o propio alumnado resolva esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas.

Sen embargo, consideramos conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito corroborado: a diversidade dos estudantes que se manifestan en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos escolares e adoptar medidas oportunas para afrontar esta diversidade (estudantes reflexivos, impulsivos, analíticos, sintéticos..).

Dar resposta a esta diversidade é imprescindible, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o

alumnado acade os obxectivos propostos. Así para acometer o tratamento da diversidade neste materia se realice principalmente por dúas vías:

- A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos dende dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, mapas conceptuais, paradigmas, etc.

- A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e das alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivación.

O profesorado buscará o xeito de atender á diversidade de alumnado que curse esta materia en coordinación co Departamento de Orientación e a Xefatura de estudos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17
ET.1 - Comprensión da lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

Observacións:

Realizaranse as seguintes accións:

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Itinerario xeolóxico	Visita a unha zona de interese xeolóxico preto do centro.

Observacións:

Non se descarta a posibilidade de realizar algunha actividade complementaria e/ou extraescolar máis que poida xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Colaboración das familias
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe na elaboración de probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e auto-avaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Ademais nas reunións de departamento comentarase o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Cultura científica	1º Bac.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Cultura Científica de 1ºBAC ten como referencia o Decreto 157/2022, do 2022, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A materia de Cultura Científica pretende que o alumnado, como parte da sociedade, adquira unha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual e ser quen de tomar decisións baseadas no coñecemento científico en distintos contextos; é dicir, conseguir a alfabetización científica da cidadanía.

Os rapaces e rapazas deste curso sitúanse na última etapa de operacións formais onde o individuo vólvese un ser reflexivo, capaz de aprender sistemas abstractos do pensamento que lle permiten usar a lóxica proposicional (inferencia obtida a partir de da relación entre dúas premisas), o razoamento científico (pensamento hipotético-dedutivo), o razoamento combinatorio (busca de múltiples combinacións) e o razoamento proporcional (cálculo ou estimación de probabilidades) o que lle permite abordar os contidos desta materia, sempre e cando o proceso de ensino e aprendizaxe se axuste as súas necesidades.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que pretende estudar cuestións científicas relevantes que lle permitan ao alumnado coñecer o mundo que lle rodea facendo fincapé no ser humano como un organismo máis no conxunto dos seres vivos, así como tamén recoñecer as propias peculiaridades da nosa especie na que se entrelaza a bioloxía coa cultura, moi patente coa revolución tecnolóxica da actualidade. Así, iníciase co estudo do Universo seguindo coa dinámica interna da Terra ata chegar á orixe da vida e a evolución dos seres vivos. Así mesmo trabállase a saúde, a sexualidade, os avances biomédicos e tecnolóxicos, a contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade rematando coa análise dos impactos antrópicos no medio co fin de reivindicar un planeta máis sostible ante a degradación ambiental que ameaza a nosa forma de vida.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES rural próximo á costa e preto do centro urbano, lugar de residencia dunha poboación, que nun elevado porcentaxe, depende directa ou indirectamente do mar, aínda que cada vez máis a economía da zona céntrase na industria, comercio, turismo, polo tanto se pode falar de familias de clase media; a maioría dos alumnos viven cos seus pais e xeralmente os dous pais traballan fóra do fogar. A lingua falada na maioría dos fogares é o galego, aínda que os rapaces cada vez decántanse máis polo uso do castelán..

O grupo seleccionado está composto por 7 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 16 e 17 anos. .

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aplicar as metodoloxías propias da ciencia utilizando con precisión procedementos, materiais e instrumentos adecuados, para responder a cuestións sobre procesos científicos.	3		1-2-3	1-3		4	1	
OBX2 - Utilizar recursos variados, con sentido crítico e ético, para buscar e seleccionar información fiable e contrastada para resolver distintas cuestións e establecer traballos cooperativos e colaborativos.	3	1	3-4	1-2-3	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Comprender e interpretar os procesos biolóxicos, xeolóxicos, ambientais, fisicoquímicos e tecnolóxicos e explicalos utilizando os principios, leis e teorías científicas adecuadas, para responder a cuestións da vida cotiá.	1-2	1	1-2-4	1	11			
OBX4 - Valorar a importancia dos estilos de vida relacionados coa sostibilidade, a saúde e as novas tecnoloxías e materiais fomentando hábitos saudables baseándose nos fundamentos científicos, para adoptalos e promovelos na súa contorna.	1-2		2-4	2	20	4		1
OBX5 - Argumentar, relacionar, reflexionar e aplicar o pensamento científico e os razoamentos lóxicos, mediante a procura e selección de estratexias apropiadas, para resolver cuestións e problemas relacionados coas ciencias experimentais.	3	1	1-2	1	11	3	1	
OBX6 - Analizar a contribución dos avances científicos e das persoas que se dedican á ciencia con perspectiva de xénero e entendéndoa como un proceso colectivo e interdisciplinar en continua construción e evolución, para valorar o seu papel esencial no progreso da sociedade.	1-2		4	3	40	1		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O Universo	Nesta unidade estúdase a orixe e a evolución do Universo así como os compoñentes do Sistema Solar	6	12		X	
2	O planeta Terra	Esta unidade aborda a comprensión da Terra desde a perspectiva da súa dinámica interna.	9	12		X	
3	Os riscos	Nesta unidade analízanse os factores de risco e diferéncianse os riscos internos dos externos	6	10			X
4	A vida na Terra	Nesta unidade afóndase nas hipóteses sobre a orixe da vida e a evolución celular.	9	12		X	
5	A evolución	Nesta unidade trabállase a teoría e probas da evolución así como a evolución humana.	8	12		X	
6	A saúde mental e as drogas	Esta unidade vértébrase en torno os trastornos mentais e os problemas derivados do uso das drogas	8	10	X		
7	O sistema inmune	Esta unidade aborda a resposta inmune, os tipos de enfermidades e a vacinación.	10	12	X		
8	A reprodución e o sexo	Nesta unidade estúdanse aspectos en relación a reprodución como as técnicas anticonceptivas e de reprodución asistida e	9	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A reprodución e o sexo	a sexualidade como os estereotipos e roles sexuais.	9	12	X		
9	Os avances en biomedicina	Nesta unidade analízanse os avances en terapias e tratamentos médicos así como as aplicacións da biotecnoloxía.	10	12	X		
10	Os materiais	Nesta unidade relaciónase o desenvolvemento da sociedade coa utilización dos materiais e os residuos que xeran.	8	12			X
11	Os avances tecnolóxicos	Esta unidade céntrase no coñecemento da informática na ciencia, as aplicacións da tecnoloxía dixital e os riscos asociados á conectividade.	8	12			X
12	A conservación do medio ambiente	Nesta unidade estúdanse os diferentes recursos e o fontes de enerxía así como as causas e consecuencias da súa explotación.	9	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O Universo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender a estrutura do Universo relacionándoa coa súa evolución e empregando escalas de medida adecuadas.	Comprender a estrutura do Universo.	PE	60
CA2.2 - Valorar a importancia dos últimos avances na investigación astronómica para a sociedade a través dos métodos de estudo do Universo.	Valorar a importancia dos últimos avances na investigación astronómica.		
CA2.3 - Explicar a orixe e estrutura da Terra describindo as etapas de formación do Sistema Solar.	Entender a orixe e estrutura da Terra.		
CA2.4 - Identificar e diferenciar os movementos terrestres interpretando as consecuencias que xeran.	Identificar e diferenciar os movementos terrestres.		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - O Universo. - Orixe, formación e estrutura. - Escalas de lonxitude, masa e tempo. - Métodos de estudo e últimos avances na investigación astronómica. Implicación na sociedade. - O Sistema Solar. - Orixe, formación e estrutura. - A formación do planeta Terra. Movementos e consecuencias.

UD	Título da UD	Duración
2	O planeta Terra	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer a estrutura e dinámica das diferentes capas do interior terrestre adoptando unha actitude crítica cara as crenzas infundadas.	Recoñecer a estrutura e dinámica das diferentes capas do interior terrestre.	PE	60
CA3.2 - Reflexionar sobre as probas e datos que orixinaron a teoría da tectónica de placas describindo os fenómenos e estruturas xeolóxicas asociadas.	Reflexionar sobre as probas e datos que orixinaron a teoría da tectónica de placas.		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - A Terra. - Estrutura e dinámica. Teoría da tectónica de placas.

UD	Título da UD	Duración
3	Os riscos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Analizar os riscos internos e externos valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección e interpretando información en diferentes formatos.	Analizar os riscos internos e externos valorando a importancia das medidas de predición, prevención e corrección.	PE	60
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - A Terra. - Riscos xeolóxicos internos e externos. Medidas de predición, prevención e corrección.

UD	Título da UD	Duración
4	A vida na Terra	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Explicar as principais hipóteses sobre a orixe da vida na Terra e a evolución celular desde a teoría endosimbiótica ata as últimas investigacións e achegas relacionadas co microbioma e o viroma.	Explicar as principais hipóteses sobre a orixe da vida na Terra e a evolución celular.	PE	60
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - A vida na Terra. - Hipóteses sobre a orixe da vida no planeta. Un mundo de ARN. - Teoría endosimbiótica.

UD	Título da UD	Duración
5	A evolución	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Argumentar a teoría da evolución utilizando as probas e mecanismos evolutivos, adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica.	Argumentar a teoría da evolución utilizando as probas e mecanismos evolutivos	PE	60
CA3.6 - Describir a evolución dos homínidos recoñecendo as adaptacións e os cambios acontecidos.	Describir a evolución dos homínidos.		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - A vida na Terra. - Do fixismo ao evolucionismo. Teorías e probas da evolución. - A evolución humana. - Microbioma e viroma. Importancia na evolución.

UD	Título da UD	Duración
6	A saúde mental e as drogas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender o concepto de saúde e enfermidade segundo a OMS e analizar a evolución histórica na consideración e no tratamento das doenzas.	Comprender o concepto de saúde e enfermidade segundo a OMS	PE	60
CA4.5 - Relacionar as enfermidades infecciosas e non infecciosas cos seus axentes causantes e os seus tratamentos, reflexionando sobre o papel dos antibióticos e a vacinación.	Relacionar as enfermidades infecciosas e non infecciosas cos seus axentes causantes e os seus tratamentos.		
CA4.6 - Coñecer as doenzas máis comúns relacionadas coa saúde mental, identificando as causas, describindo os seus tratamentos e analizando as súas repercusións sociais.	Coñecer as doenzas máis comúns relacionadas coa saúde mental, identificando as causas.		
CA4.7 - Adoptar e promover hábitos saudables para a prevención de doenzas físicas e mentais, analizando os efectos das drogas e identificando problemas asociados ao seu consumo.	Adoptar e promover hábitos saudables para a prevención de doenzas físicas e mentais.		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - Concepto de saúde. Definición da OMS. - O sistema inmune. - Clasificación das enfermidades: infecciosas e non infecciosas. - Uso responsable dos medicamentos. - A saúde e a enfermidade. - Factores que determinan a saúde. - Drogas legais e ilegais. Problemas asociados. - A saúde mental: historia, causas, prevención e tratamentos.

UD	Título da UD	Duración
7	O sistema inmune	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Explicar e describir en que consiste a inmunidade analizando o papel das barreiras inmunitarias e distinguindo os diferentes tipos de resposta inmune.	Explicar e describir en que consiste a inmunidade analizando o papel das barreiras inmunitarias.	PE	60
CA4.5 - Relacionar as enfermidades infecciosas e non infecciosas cos seus axentes causantes e os seus tratamentos, reflexionando sobre o papel dos antibióticos e a vacinación.	Relacionar as enfermidades infecciosas e non infecciosas cos seus axentes causantes e os seus tratamentos.		
CA4.7 - Adoptar e promover hábitos saudables para a prevención de doenzas físicas e mentais, analizando os efectos das drogas e identificando problemas asociados ao seu consumo.	Adoptar e promover hábitos saudables para a prevención de doenzas físicas e mentais		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - Concepto de saúde. Definición da OMS. - O sistema inmune. - As barreiras de protección. A resposta inmune. - Clasificación das enfermidades: infecciosas e non infecciosas. - O cancro. - A vacinación. - Uso responsable dos medicamentos. - A saúde e a enfermidade. - Factores que determinan a saúde.

UD	Título da UD	Duración
8	A reprodución e o sexo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir os conceptos de sexo e xénero, recoñecendo a diversidade de opcións e mantendo sempre unha actitude non discriminatoria.	Distinguir os conceptos de sexo e xénero.	PE	60
CA5.2 - Describir o dimorfismo sexual concienciando e promovendo comportamentos non sexistas.	Describir o dimorfismo sexual.		
CA5.3 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres.		
CA5.4 - Recoñecer os procesos da reprodución humana reflexionando sobre a importancia das relacións sexuais responsables e consentidas.	Recoñecer os procesos da reprodución humana.		
CA5.5 - Relacionar as infeccións de transmisión sexual (ITS) cos seus axentes causantes promovendo hábitos saudables e prácticas sexuais responsables que preveñan o seu contaxio así como os embarazos non desexados.	Relacionar as infeccións de transmisión sexual (ITS) cos seus axentes causantes.		
CA5.6 - Reflexionar sobre a sexualidade humana e a afectividade entre individuos, adoptando actitudes respectuosas e tolerantes.	Reflexionar sobre a sexualidade humana e a afectividade entre individuos.		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - O sexo biolóxico e a diversidade de xénero. - Reprodución e sexo. - Dimorfismo sexual e sexismo. - A sexualidade humana. - Prácticas sexuais responsables. O consentimento sexual. - Infeccións de transmisión sexual (ITS) e hábitos saudables. - Técnicas anticonceptivas. - Técnicas de reprodución asistida. - Sexualidade e afectividade. Estereotipos e roles sexuais.

UD	Título da UD	Duración
9	Os avances en biomedicina	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Coñecer os últimos avances nas terapias e tratamentos médicos tomando conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica.	Coñecer os últimos avances nas terapias e tratamentos médicos.	PE	60
CA4.3 - Describir as principais técnicas da enxeñaría xenética e interpretar as súas implicacións éticas, sociais e ambientais, utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica.	Describir as principais técnicas da enxeñaría xenética e interpretar as súas implicacións éticas, sociais e ambientais, utilizando fontes fiables.		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - Investigación médica e farmacéutica. - Historia da medicina. - As técnicas de diagnose. - Últimos avances nos tratamentos médicos. Medicina de precisión: inmunoterapia e terapia xénica. - Aplicacións da robótica na biomedicina. - Os transplantes. - Biotecnoloxía tradicional e moderna. Aplicacións. Implicacións éticas e sociais.

UD	Título da UD	Duración
10	Os materiais	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Relacionar o desenvolvemento da humanidade co uso dos materiais analizando as repercusións socioeconómicas e a influencia da superpoboación.	Relacionar o desenvolvemento da humanidade co uso dos materiais.	PE	60
CA6.2 - Identificar os procesos de obtención de materiais recoñecendo os custos económicos, sociais e ambientais e valorando a importancia dunha explotación sostible e un uso responsable.	Identificar os procesos de obtención de materiais.		
CA6.3 - Analizar a pegada de carbono e as etapas do ciclo de vida dos produtos utilizando exemplos concretos da contorna.	Analizar a pegada de carbono e as etapas do ciclo de vida dos produtos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Recoñecer os diferentes residuos e describir os seus procesos de tratamento detallando a xestión que se realiza no seu contorno próximo e valorando a adopción de hábitos sostibles.	Recoñecer os diferentes residuos e describir os seus procesos de tratamento.		
CA6.5 - Valorar a importancia da nanotecnoloxía e os novos materiais analizando a súas aplicacións presentes e futuras en diferentes ámbitos.	Valorar a importancia da nanotecnoloxía e os novos materiais.		
CA1.1 - Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar entendéndoa en continua construción e evolución e relacionada cos principais acontecementos históricos	Traballar en ciencia desde un punto de vista interdisciplinar.	TI	40
CA1.2 - Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía, utilizando diferentes soportes como medios de comunicación das súas achegas ou as súas conclusións.	Valorar a utilización do método científico como estratexia de traballo en ciencia e tecnoloxía.		
CA1.3 - Recoñecer a importancia da relación entre ciencia e tecnoloxía así como da súa contribución á sociedade ao longo da historia.	Recoñecer a contribución da ciencia á sociedade ao longo da historia.		
CA1.4 - Resolver cuestións sobre temas científicos seleccionando e organizando información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.	Seleccionar a información de distintas fontes distinguíndoas de pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción e evolución. - A relación entre a ciencia e os eventos históricos. - A comunicación en ciencia e tecnoloxía. Estratexias de traballo: o método científico. - O artigo científico. - Fontes de información fiables e teorías científicas fronte a pseudociencias, boatos, teorías conspiratorias e crenzas infundadas. - Elaboración e presentación de informes utilizando distintos medios. - Ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente: perspectiva histórica. - Importancia da contribución á sociedade do traballo científico ao longo da historia. O papel da muller na ciencia. - O desenvolvemento da humanidade. - Consecuencias económicas e sociais. - O crecemento da poboación humana. - O uso dos materiais. - Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e ambientais. - O ciclo de vida dos produtos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A pegada de carbono. - Aplicacións de casos concretos da contorna próxima. - Os residuos. - Clasificación. - A xestión dos residuos. - A nanotecnoloxía. - Os novos materiais.

UD	Título da UD	Duración
11	Os avances tecnolóxicos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA7.1 - Valorar a importancia da informática para a ciencia a través do funcionamento de computadores e outros dispositivos.	Valorar a importancia da informática para a ciencia .	PE	60
CA7.2 - Describir a utilidade dalgunhas das aplicacións tecnolóxicas empregadas pola ciencia comprendendo os fundamentos nos que se basean.	Describir a utilidade dalgunhas das aplicacións tecnolóxicas empregadas pola ciencia.		
CA7.3 - Explicar os principios básicos de conectividade exemplificando con dispositivos intelixentes e internet of things.	Explicar os principios básicos de conectividade.		
CA7.4 - Identificar e comprender os principais perigos asociados á conectividade utilizando as medidas básicas de ciberseguridade.	Identificar e comprender os principais perigos asociados á conectividade.		
CA7.5 - Valorar os riscos nas redes sociais facendo un uso responsable delas e reflexionando sobre os dereitos na protección de datos.	Valorar os riscos nas redes sociais facendo un uso responsable delas.		
En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espremeremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender

ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscibíndoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático.

OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estancia no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, pretendese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizáremolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 15 minutos da sesión.

Recollida do Material: O material utilizado na sesión será recollido por quendas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

CONTEXTUALIZACIÓN PRÁCTICA DA METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tomando como referentes imprescindibles para a planificación no campo metodolóxico, o modelo enfoque de proceso-investigador (coas súas características, supostos de partida, e principios metodolóxicos), xa mencionado no apartado de introducción e contextualización da programación desta proposta curricular, os principios de procedemento, técnicas, e estratexias que se aplican a nivel metodolóxico son:

- aprendizaxe significativa
- globalidade
- atención personalizada
- autonomía, emprendemento e iniciativa personal, e responsabilidade do alumno
- traballo cooperativo en equipo
- constructivismo da aprendizaxe
- reflexión crítica sobre a propia acción, e a dos demais
- metodoloxía de proxectos como organización de base
- fomento de creatividade e a capacidade expresiva, por diversas linguaxes
- uso positivo da competitividade
- colaboración alumnos-profesor a través dunha comunicación aberta e horizontal
- método: circuitos
- método: formas xogadas
- método: asignación de tarefas
- método: resolución de problemas
- método: aprendizaxe na búsqueda
- fomento da autoavaliación reflexiva, oral e por escrito, nos alumnos; así como a avaliación dos procesos

e o profesor, por parte de éstos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso.
Libro de texto, material complementario e apuntes elaborados pola persoa docente.
Edixgal. Aula virtual/moodle. e cursos dispoñibles na aula.
Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe.
Redes sociais, aplicacións específicas, podcast, etc.
Material bibliográfico no departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

1) RECURSOS MATERIAIS

a) Inventario de material do Departamento. ANEXO

2) RECURSOS DIDÁCTICOS

a) Aula virtual

b) Electrónica: cámara de vídeo, cámara dixital de fotografía, canón retroproyector móvil

c) Biblioteca, como centro integrado de recursos multimedia.

3) RECURSOS DO ENTORNO PRÓXIMO

a) Praia de Rodeira

b) Instalacións deportivas municipais do kenyata:

- 2 Pistas de tenis

- 2 pistas minibasket

- 2 campos de fútbol 7 de herba sintética

- Pista volei-praia

4) Clubes deportivos e de actividades no medio natural, do entorno comarcal, da Ría de Vigo e a nivel provincial

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais.

O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

AVALIACIÓN INICIAL

(PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS)

- BATERÍA ALFA/PLAN DAFIS: batería de tests para a valoración da condición física saudable.
- LISTAS DE CONTROL do traballo de aula, da hixiene persoal, durante o mes previo a celebración da avaliación
- RÚBRICA DE VALORES NO TRABALLO DE AULA E RÚBRICA NA VALORACIÓN DE NIVEL EN XOGOS E DEPORTES (Válidas para todo o curso)

RÚBRICA TRABALLO DE AULA E HIXIENE PERSONAL 50% + 10% respectivamente

PARTICIPACIÓN

ESFORZO

- 5 puntos: O alumnado se esforza de maneira sobresainde a diario
- 4 puntos: O alumnado se esforza adecuadamente a diario
- 3 puntos: O alumnado e irregular no seu esforzo diario
- 2 puntos: O alumnado abandona ou nega as actividades programadas algunhas veces
- 1 punto: O alumnado abandona ou nega as actividades programadas con regularidade

ASISTENCIA

(media con Puntualidade)

- 5 puntos: Asiste sempre á clase e realiza a práctica programada
- 4 puntos: Non asiste ou non pode realizar a práctica por causa xustificada realizando a tarefa indicada polo profesor adaptada ao seu caso
- 3 puntos: Non xustifica a ausencia ou realización da práctica e realiza a tarefa indicada polo profesor adaptada ao seu caso

2 puntos: Non xustifica a ausencia ou realización da práctica ata 2 sesións e non realiza a tarefa indicada polo profesor

1 punto: Non xustifica a ausencia ou realización da práctica ata 4 sesións e non realiza a tarefa indicada polo profesor

PUNTUALIDADE

5 puntos: Está preparado para empezar a clase sempre aos 5 minutos do cambio de clase

4 puntos: Contabiliza 1 ou 2 retrasos no trimestre

3 puntos: Contabiliza 3 ou 4 retrasos no trimestre

2 puntos: Contabiliza máis de 5 retrasos no trimestre

1 punto: Chega con retraso á clase sen xustificación razoable 2, 3 ou mais veces

HIXIENE

5 puntos: Dúchase a diario ao rematar as sesións prácticas

4 puntos: Cambiase de roupa e realiza un aseo básico a diario

3 puntos: Muda a camiseta e realiza un aseo básico a diario

2 puntos: Non se cambia nin asea

1 punto: O alumno/a non se cambia nin se asea nunca ou casi nunca, e ademáis vai co sudor para clase seguinte

COLABORACIÓN

PROFESOR

5 puntos: Ofrécese voluntariamente a diario para colaborar co profesor

4 puntos: Ofrécese ás veces para colaborar co profesor

3 puntos: Algunha vez ofrécese (1 ou 2) para axudar ao profesor

2 puntos: Non se ofreceu nunca á colaborar co profesor

1 punto: Á petición do profesor móstrase reacio á colaboración, mesmo non facela

COLABORACIÓN

ALUMNOS/AS

5 puntos: Ademáis de respecto, axuda aos compañeiros/as na execución das tarefas habitualmente

4 puntos: Respeta aos compañeiros pero os axuda con pouca regularidade

3 puntos: Respeta aos compañeiros pero ten comportamentos egoistas nas actividades propostas tratando de ser o protagonista

2 puntos: Existe certa falta de respecto polos compañeiros/as na execución das actividades

1 punto: O alumno/a constantemente "pica" ou "insulta" aos compañeiros durante a práctica

MATERIAL

5 puntos: Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e colabora na recollida con frecuencia

4 puntos: Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e colabora na recollida algunhas veces

3 puntos: Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e non colabora coa recollida a miudo

2 puntos: Maltrata ou usa o material de forma incorrecta algunhas veces

1 punto: Maltrata ou usa o material de forma incorrecta, habitualmente

RÚBRICA NIVEL DE XOGO E COMPETENCIA DEPORTIVA 30%

3 puntos: Ademais de todo o anterior fai unha XESTIÓN positiva do xogo do grupo/equipo cun talante

INCLUSIVO

2,5 puntos: Presenta un importante DOMINIO persoal e de CONTROL do xogo

2 puntos: Desenvolve estratexias e TÁCTICA, axeitadas, de xogo tanto en ataque como en defensa

1,5 puntos: Amosa un bo dominio a nivel TÉCNICO do xogo

1 punto: Participa a nivel FÍSICO, tentando formar parte do xogo do equipo

0.5 puntos: ABANDOA, DESISTE, NEGASE e SE "ESCONDE" nas actividades propostas

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	9	11	10	6	9	9	9	6	9
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 12 UD, a primeira delas de carácter transversal. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 2, 3 e 4 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 30%; a 5, 6, 7 e 8 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 33%, e a 9, 10, 11 e 12 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 34%. No número de sesións asignado a cada UD contéplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma. Tanto o peso como as sesións da UD 1, repártense entre cada trimestre, xa que nesta UD impartiranse contidos adaptados a cada unha das demais UU.DD, así o peso definitivo por trimestre será, 31, 34 e 35% respectivamente.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaranse as medidas de reforzo educativo.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación final ordinaria da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral, tendo en conta, de ser o caso, a cualificación obtida logo das recuperacións das UU.DD. e da avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 0 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar un 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente.

As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta o de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

CONCRECIÓN CURRICULAR DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

NO ENSINO PRESENCIAL

A nota dos alumnos, en cada trimestre, está exposta nas táboas de concreción dos contidos e, a modo de resumo, por ser a porcentaxe da maioría dos contidos, podemos dicir que inclúe a suma da puntuación obtida nos 3 apartados seguintes:

1. TRABALLO DE AULA (REXISTROS ANECDÓTICOS)

¿ Puntuación entre 0-5 puntos

¿ Criterios:

¿ Participación (predisposición e esforzo)

¿ Atención

¿ Respeto a profesor, alumnado e material

¿ Colaboración cos compañeiros

¿ Responsabilidade e autonomía

¿ Asistencia e puntualidade

¿ Respeto polas normas de xogo

¿ Colocación, trato e retirada do material

¿ Hábito da ducha nas sesións longas:

Puntuación entre 0-1 puntos

2. RENDEMENTO NAS PROBAS PRÁCTICAS

¿ Puntuación entre 0-3 puntos

¿ Cálculo= media das probas e tests, respecto da aplicación da rúbrica

3. RENDEMENTO NAS PROBAS TEÓRICAS

No caso de non participar na organización e xestión do campionato do centro

¿ Puntuación entre 0-1 puntos

¿ Cálculo= media das probas e tests ou traballos

O mínimo esixible para conseguir unha avaliación positiva será obter como mínimo unha nota de 5 entre todos os apartados solicitados.

ALUMNADO EXENTO DA PARTE PRÁCTICA (XUSTIFICADO CON CERTIFICADO MÉDICO OFICIAL)

O alumnado será informado dos criterios de cualificación que lle corresponden ser aplicados.

¿ 20% Traballo na aula: Colaboracións co profesorado, compañeiros/as e o material, atención e interese.

Actividades adaptadas á situación particular do alumnado, ou organizacións varias.

A impuntualidade inxustificada así como as falta de asistencia sen xustificar veránse reflectidas na nota ao implicar falta de realización de actividades puntuables durante o desenvolvemento da sesión.

¿ 80% parte teórica: O profesorado poderá optar en cada curso por unha das 3 opcións:

- a) Exame dos contidos conceptuais das unidades didácticas impartidas.
- b) Traballo: traballo teórico e exposición do mesmo (valorados na mesma medida), e/ou traballos de tipo teórico-práctico.
Os traballos requeridos poden ser sobre contidos diferentes dos programados para o seu curso, estarán adaptados ás posibilidades do alumnado e terán en conta o informe do certificado médico oficial.
- c) Ambas. Neste caso cada parte valorarase por igual (40%), sendo necesario aprobar ambas partes para facer a media.
- d) A instrumentación deste apartado sempre no entorno e recurso da AULA VIRTUAL de E. Física

Criterios de recuperación:

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Dado o enfoque prioritariamente educativo, que non instructivo, que se pretende, resulta evidente pensar, e a experiencia docente así o demostra, co fracaso do alumnado é pouco probable e cando éste se produce, polo xeral, obedece a razóns de orde actitudinal ou comportamental.

Neste sentido resulta lóxico diseñar como medidas de recuperación básicas o diálogo e a negociación co alumnado implicado, coa intención de reconducir a situación e responsabilizalo alumno no propio cambio. Procederase en estos casos a un seguimento personalizado e un asesoramento continuado.

Así mesmo, é prioritario manter aberta a canle de contacto e comunicación co titor, e a familia do alumno.

No caso de non ser posible acadar unha solución satisfactoria, o alumno deberá realizar como actividades de recuperación a presentación de partes do traballo teórico/práctico indicado sobre aspectos relacionados cos contidos esixidos no curso no que ten pendente a materia até telo completado como máximo no día da realización da proba de pendentes.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

De xeito xeral, a proba extraordinaria consistirá en:

1. Parte teórica: exames, traballos, tarefas específicas...
2. Parte práctica: tests e/ou probas físico-deportivas

Para conseguir unha avaliación positiva na convocatoria extraordinaria o alumno terá que obter unha nota igual ou superior a 4,5

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que promocionou a 2º de Bacharelato coa materia de Educación Física pendente elaborárase un plan de recuperación personalizado. Neste plan farase constar, ademais dos apartados establecidos normativamente, os mínimos de consecución que o alumnado ten pendentes de superar, e de ser o caso, as UU.DD.

Farase un calendario de titorías, previa cita por parte do alumnado, para desenvolver o seguimento das tarefas propostas no plan de recuperación. Neste calendario estableceranse tamén as datas das probas para superar os contidos, e o tipo das mesmas.

O cálculo numérico da nota farase igual que no procedemento de cualificación do curso.

Unha vez establecido o calendario da ABAU, e de non ter superado a materia fíxase unha proba final extraordinaria. Na dita proba o alumnado deberá superar aqueles contidos das UU.DD. que non superara nas probas anteriores, tendo en conta que todo o superado no curso anterior, mantense como superado coa mesma nota.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do

modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

As principais medidas, ordinarias(O) ou extraordinarias(E), de atención a diversidade que se utilizan son as seguintes:

- atención personalizada ás necesidades educativas especiais: programas específicos personalizados para repetidores con dificultades non comportamentais ou actitudinais; ACI; medidas de Apoio polo Dep. de

Orientación; programas de Reforzo Educativo; desdobre de grupos;... (E)

- traballo autónomo: adaptacións organizativas(tempo, horarios, espazos, materiais,...) (O)

- optatividade e opcionalidade (O)

- alumnos monitores (titoría entre iguais) (O)

- asignación de tarefas específicas e adaptadas (O)

- avaliación formativa e continua (O)

- autoavaliación personal e grupal (O)

- fomento do sentimento e conciencia de grupo (O)

- traballo en grupos/equipos cooperativos (O)

- plans de traballo e actividades de seguimento de materia pendente (O)

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial					X		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade								X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade			X	

Observacións:

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

- Integrada e definida, no apartado contribución da materia de E. F. ao logro das competencias clave
- Integrada na definición e selección de obxectivos: metas, e finalidades da materia
- Integrada na toma de decisións sobre os criterios de avaliación
- Operativizada no clima de aula, presidida polos valores democráticos como fundamento da convivencia
- Contidos transversais e interdisciplinares: colaboración e participación nas actividades organizadas polo centro, nas Conmemoracións Educativas 2022-23:
 - 1) Día Universal de la Infancia
 - 2) Día Internacional Contra A Violencia De Xénero
 - 3) Conmemoración Da Constitución Española E O Estatuto De Autonomía De Galicia
 - 4) Día Internacional Das Persoas Con Discapacidade
 - 5) Día Da Declaración Universal Dos Dereitos Humanos
 - 6) Día Escolar Da Non Violencia e A Paz
 - 7) Día Internacional Da Muller
 - 8) Día Mundial Dos Dereitos Do Consumidor
 - 9) Semana Da Prensa
 - 10) Día Mundial Da Saúde
 - 11) Semana Do Libro
 - 12) Día Internacional contra el acoso escolar
 - 13) Día De Europa
 - 14) Semana Das Letras Galegas
 - 15) Día Mundial Do Medio Ambiente

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

- Biblioteca do centro, como centro integrado de recursos multimedia
- Participación no programa do centro: hora de leer

CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

- Producción do alumnado na parte teórica da materia: traballos
- Uso do correo electrónico para o envío de tarefas e actividades propostas, como canle de comunicación
- Aula virtual de Educación Física
- Presentacións multimedia como recurso didáctico habitual
- Vídeo dixital: grabación, edición e comunicación
- Avaliación do alumnado totalmente dixitalizada: recurso na nube ADITTIO

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

- Participación no programa de mediación escolar do centro

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Carreira de orientación.	Desenvolver na contorna do centro unha carreira de orientación, no ámbito urbano ou natural.
Representación dunha función individual ou colectiva	Representar ante as compañeiras ou compañeiros ou ante colectivos axenos ao centro, unha dramatización colectiva.

Actividade	Descrición
Saída en bicicleta.	Facer un percorrido pola contorna do centro en bicicleta, respectando as medidas de seguridade.

Observacións:

As actividades complementarias desenvolveranse unha vez rematadas as UU.DD. nas que se desenvolven os contidos, concretamente as unidades 7. Orientación; 11. Dramatización, e 12. Animación socio-deportiva no medio natural e urbano.

PROGRAMACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO DEPARTAMENTO PARA O CURSO 2022-23

Tratarase de realizar unha actividade por nivel educativo e por trimestre. Trataremos ademáis, de incorporar con elas a interdisciplinidade, e de integralas no currículo e na vida institucional do centro.

Entre as que podemos levar a cabo, dado que o planning de actividades está sempre aberto a modificacións, temos:

Saídas e excursións:

1º TRIMESTRE

1. Surf na praia de Patos_ 10/10/2022

2º TRIMESTRE

1. Saída a Ecoparque de natureza de Marín

3º TRIMESTRE

1. Camiño Portugués de Santiago*
2. Saída ao Parque Nacional Das Illas Atlánticas
3. Saída a Atapuerca

Cursos deportivos:

- 1* Actividades Náuticas có R. C. Náutico Rodeira (3º TRIMESTRE)
KAYAK DE MAR EN RUTA, VELA, WINDSURF, PADDLESURF

Asistencia e participación en demostracións físico-deportivas:

- 1* Bolos Celtas (03/10/2022)
- 2* Taekwondo

Sendeirismo:

- 1* Litoral costeiro do entorno do centro

Xornada de Xogos Populares: Maio

Charlas, conferencias, coloquios,.....:

Recreos activos : Xogos e andainas pola praia (todo o curso)

Campionato de Fútbol Sala 2022-23, xestionado polo alumnado de

- 1º bacharelato

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UU.DD. como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

CONCRECIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN NA PRÁCTICA

PROCEDEMENTO PARA AVALIAR O DISEÑO CURRICULAR, OS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE, E A PRÁCTICA DOCENTE

MODELO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN PARA O DOCENTE

NIVEL:

GRUPO:

UNIDADE DIDÁCTICA/PROXECTO:

TEMPORALIZACIÓN:

VALORACIÓN/ADECUACIÓN

ASPECTOS + E ASPECTOS -

PROBLEMAS SUSCITADOS

MEDIDAS PARA A MELLORA DA CALIDADE

TEMPORALIZACIÓN DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS

Variables anteriores para reflexionar sobre cada un dos ítems seguintes:

LOCALIZACIÓNS

TEMPORALIZACIÓN

MEDIOS E RECURSOS

CONTIDOS

SECUENCIAS DIDÁCTICAS

AVALIACIÓN DO ALUMNADO

TAREFAS E ACTIVIDADES

METODOLOXÍA

ROL/ACCIÓN DOCENTE

CLIMA DE AULA

OUTRAS

MODELO DE FICHA DE TRABALLO PARA A INVESTIGACIÓN-ACCIÓN CO ALUMNADO

CURSO: MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA GRUPO: TRIMESTRE:

PROXECTO DIDÁCTICO:

VALORACION ALUMNADO (0-10)

PROFESOR:

COMPAÑEIROS:

ACTIVIDADES PRACTICAS:

TRABALLOS:

¿ENTORNOS DE APRENDIZAXE¿ :

MATERIAIS:

INSTALACIONES:

OUTRAS VARIABLES:

MEDIA DE PUNTUACIONES:

OBSERVACIONES E REFLEXIONES CRÍTICAS DO ALUMNADO

PROFESOR:

COMPAÑEIRAS:

ACTIVIDADES PRACTICAS:

TRABALLOS

¿E-A¿ :

MATERIAIS:

INSTALACIONES:

OUTRAS VARIABLES:

SOBRE TODO O ANTERIOR:

ANÁLISE E REFLEXIÓN CRÍTICA DO DOCENTE

MEDIDAS A ADOPTAR POLO DOCENTE

Cás modificacións pertinentes podemos pasar o modelo do alumnado as familias para o fomento da participación crítica, e centralo na valoración do NIVEL DE SATISFACCIÓN ca materia.

O PROCEDIMENTO DESCRITO, SERÁ ÚTIL ADEMÁIS, PARA PROPORCIONAR DATOS PERTINENTES E ALTAMENTE SIGNIFICATIVOS, PROVENIENTES DA PROPIA PRÁCTICA, COS QUE ABORDAR A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE E. FÍSICA, POLO PROFESORADO QUE COMPÓN ESTE ÓRGANO DE COORDINACIÓN DOCENTE.

E AS SÚAS CONCLUSIÓN, SE FARÁN CONSTAR NA MEMORIA DE FÍN DE CURSO.

SE COMPLETA ESTE PROCESO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN, CO DOCUMENTO SEGUINTE, DONDE RECOLLEMOS O MÁIS DESTACADO DAS APORTACIONES DOS ALUMNOS.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.

- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.

- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.

- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	49
4.2. Materiais e recursos didácticos	49
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	50
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	50
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	52
6. Medidas de atención á diversidade	52
7.1. Concreción dos elementos transversais	52
7.2. Actividades complementarias	54
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	55
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	55
9. Outros apartados	56

1. Introducción

As actuais sociedades democráticas, inseridas nun mundo globalizado en permanente cambio e composto por unha mestura de persoas e comunidades, proxectos e intereses, requiren un pensamento racional e crítico que forneza a mocidade de ferramentas para comprender o mundo complexo que nos rodea e, ao tempo, que proporcione instrumentos para edificar e consolidar unha sociedade libre, igual e xusta. A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo, de tal xeito que poida analizar, entender e propor solucións aos desafíos materiais, intelectuais e morais do século XXI.

A filosofía asume daquela unha dobre vertente de grande interese para o alumnado: por unha banda, de xeito absoluto achégalle reflexión e lucidez á persoa para que poida entenderse a si mesma e a realidade que a rodea e, por outra, axuda decididamente a formar unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, comprometida coas institucións democráticas e con habilidades prácticas para a resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas.

O valor da indagación que promove a materia de Filosofía impulsa o alumno á reflexión argumentada sobre os aspectos xerais da existencia e da vida en sociedade, descubrindo deste xeito os móbiles derradeiros das posicións adoptadas. En suma, a materia de Filosofía proporciona a visión e a comprensión necesaria para realizar estas tarefas desde un prisma claramente holístico, que ha de incentivar un alumnado activo, curioso, argumentativo, reflexivo e innovador.

A materia de Filosofía, pola radical actitude cognoscitiva que representa e a variedade de temas e aspectos dos que trata, proporciona un espazo idóneo para o desenvolvemento integrado das competencias clave e os obxectivos da etapa de bacharelato. Neste sentido, a indagación sobre problemas universais e fundamentais, tales como os referidos á natureza última da realidade, a verdade, a xustiza, a beleza ou a propia identidade e dignidade humanas, xunto á reflexión crítica sobre as ideas e prácticas que constitúen a nosa contorna cultural, serven, simultaneamente, ao propósito de promover a madurez persoal e social do alumnado e ao desenvolvemento, tanto da súa dimensión intelectual como daqueles outros aspectos éticos, políticos, cívicos, emocionais e estéticos que configuran a súa personalidade.

Así, a materia de Filosofía en bacharelato ten, en primeiro lugar, a finalidade de ofrecer un marco conceptual e metodolóxico para a análise das inquietudes esenciais e existenciais do alumnado de bacharelato, na que este poida abordar persoalmente as grandes preguntas e propostas filosóficas e emprender unha reflexión crítica sobre o sentido e valor dos distintos coñecementos, actividades

e experiencias que configuran a súa contorna vital e formativa. En segundo lugar, a educación filosófica resulta imprescindible para a articulación dunha sociedade democrática sobre principios, valores e prácticas éticas, políticas e cívicas cuxa lexitimidade e eficacia precisan da deliberación dialóxica, a convicción racional e a autonomía de xuízo da cidadanía. A Filosofía, por último, supón tamén unha reflexión crítica sobre as emocións e os sentimentos, presentes en todos os ámbitos, desde a estética á teórica pasando pola ética e, a miúdo, esquecidos nos currículos.

A materia de Filosofía atende a estes tres propósitos a través do desenvolvemento conxunto dunha serie de obxectivos representativos, case todos eles, das fases habituais do proceso de crítica e exame dialéctico de problemas e hipóteses filosóficas. Dado o carácter eminentemente maiéutico de devandito proceso, tales obxectivos han de ser, ademais, necesariamente implementados no marco metodolóxico dun ensino, en boa medida dialóxico, que tome como centro de referencia a propia indagación filosófica do alumnado.

Os tres primeiros obxectivos, de marcado carácter transversal, refírense á adquisición dunha perspectiva holística e interdisciplinaria para analizar as cuestións filosóficas fundamentais, discriminando o substantivo do accidental. Esta tarefa require, pola súa vez, do desenvolvemento de obxectivos referidos ao manexo e produción crítica e rigorosa de información, ao uso e identificación

de argumentos e á práctica do diálogo como proceso cooperativo de coñecemento. A práctica do diálogo, algo formalmente constitutivo do exercicio filosófico, implica pola súa vez, como outro dos obxectivos que hai que desenvolver, o recoñecemento do carácter plural e non dogmático das ideas e teorías filosóficas, así como a implementación do devandito recoñecemento na dobre tarefa, crítica e construtiva, de contrastalas e descubrir a

oposición e a complementariedade entre elas. A actividade filosófica ha de procurar, ademais, o desenvolvemento de facultades útiles para a formación integral da personalidade do alumnado, co obxecto de afrontar con éxito os desafíos persoais, sociais e profesionais que trae consigo un mundo, como o noso, en perpetua transformación e sementado de incertezas. Así, a adquisición dunha perspectiva global e interdisciplinaria dos problemas, a facultade para xerar un pensamento autónomo á vez que rigoroso sobre asuntos esenciais, e o desenvolvemento dunha posición e un compromiso propio fronte aos retos do século XXI, son elementos imprescindibles para o logro da plena madurez intelectual, moral, cívica e emocional de alumnas e alumnos. Finalmente, o cuarto e derradeiro obxectivo abrangue o recoñecemento das diversas concepcións e ideas sobre os problemas filosóficos fundamentais da filosofía. Perséguese que o alumnado comprenda as ideas e teorías filosóficas das máis grandes pensadoras e pensadores a través dunha análise crítica das diversas teses e dos problemas aos que responden, promovendo unha actitude aberta e tolerante ao tempo que crítica e creativa.

CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron desde o latín ás linguas de repertorio propio do alumnado.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	20
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
11	Lingua latina V	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron desde o latín ás linguas de repertorio propio do alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	TI	20
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.

Contidos

- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
12	Lingua latina VI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas de textos adaptados, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron desde o latín ás linguas de repertorio propio do alumnado.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos con corrección na lectura das letras e dos dígrafos, e máis na acentuación e no ritmo.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	TI	20
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Clases de palabras.

Contidos

- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).
- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.
- Formas nominais do verbo.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

Os alumnos de modo individual o en grupo con dinámicas e estruturas de aprendizaxe cooperativo traballarán os contidos de historia, cultura. legado de Roma e a romanización.

Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelá, e de ser o caso, os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

- Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

- O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.

- Procurarase xerar un clima de aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

- Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara autorregular o seu propia e singular proceso de aprender a aprender.

- Promoverase a participación do alumnado en traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma.

- Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

- Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de textos
Gramáticas latinas
Aula virtual do centro con acceso dende un ordenador na aula ou na casa.
Materiais elaborados polo profesor
Recursos en rede

Durante o primeiro trimestre non se empregará o dicionario, así o alumnado deberá aprender un vocabulario básico para traducir, hai que sinalar que este vocabulario non se estudará en forma de lista de palabras, senón dentro dun contexto, facendo as relacións pertinentes (familias léxicas, etimoloxías, etc.) de maneira que sexa máis doada a súa aprendizaxe. As palabras descoñecidas serán enunciadas polo docente. Apartir de mediados do segundo trimestre deberán habituarse paulatinamente a manexar o dicionario latino-español, pero non será necesario nas diferentes probas escritas, nos que facilitarase o vocabulario non coñecido polo alumnado

No primeiro curso darase unhas pautas orientadoras, deixando para Latín II a concreción e desenvolvemento desta técnica, que sempre deberá tratarse ao unísono co uso correcto do dicionario. Intentaremos que en Latín I os alumnos poidan traducir un texto de dificultade media ao final de curso.

Ao longo do curso os alumnos prepararán xunto co profesor temas ou unidades de civilización e cultura en grupos de

aprendizaxe cooperativo. Ademais do núcleo histórico, social, político, relixioso e cultural do mundo latino, trataranse tamén estudos de etimoloxía e a evolución das palabras. O estudo das principais locucións latinas, presentado como exercicio de aplicación práctica, completará o tratamento deste bloque.

Este apartado de cultura e civilización de Roma estarán ilustradas con lecturas de obras clásicas que se complementarán con outros materiais de apoio como mapas, montaxes de power point, material web.

Páxinas Web:

Páxina de utilidade para traballar coas orixes etimolóxicas do léxico actual:

<http://etimologias.dechile.net/>

Portal de cultura clásica: <http://www.culturaclasica.com/>

Recursos do Ministerio de Educación e Ciencia: <http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/>

Buscador Google en latín: <http://www.google.com/intl/la/>

- Multimedia:

Cursos de latín on line: http://www.wikilearning.com/curso_de_latín-wkc-5327.htm

<http://www.mailxmail.com/curso/idiomas/latin>

ludusliterarius.net

Non teremos libro de texto, pero pódese utilizar calquer manual ou gramática de latín.

O material, apuntes e exercicios, serán facilitados polo docente. Elaboración conxunta de esquemas ou resumes ao final das unidades didácticas estudadas na clase.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

INTRODUCCIÓN

Latín de 1.º de bacharelato é unha materia na que, debido a que non foi obrigatoria en ningún momento da ESO, é preciso partir de cero.

Como, porén, moito do alumnado que a escolle pode que cursase anteriormente Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO, un dos obxectivos principais da avaliación inicial é obter esta información.

TEMPORALIZACIÓN

A avaliación inicial hase levar a cabo na primeira semana do curso.

OBXECTIVOS

- 1.º Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.
- 2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Latín I.
- 3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).
- 4.º Identificar o alumnado repetidor.

5.º Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura romana en xeral e da lingua latina en particular.

6.º Valorar os coñecementos básicos das linguas galega, castelá que ten o alumnado.

INSTRUMENTOS

1. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos seis obxectivos apuntados anteriormente.

Neste cuestionario son fundamentais os conceptos elementais de gramática xeral para comprobar o grado de comprensión sintáctica que o alumno alcanza sobre a súa propia lingua. Tendo en conta que os estudos de gramática latina, así como os exercicios de tradución, serán os bloque de contidos tratados con maior regularidade, a urxencia de coñecer canto antes as posibles lagoas na análise sintáctica, resulta comprensible.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	10	10	1	12	12	10	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

1ª avaliación: $(UD1 \times 5) + (UD2 \times 5) + (UD5 \times 4) + (UD6 \times 1) + (UD7 \times 12) + (UD8 \times 12) / 28$

Media aritmética das unidades que a integran.

2ª avaliación: $(UD3 \times 5) + (UD5 \times 3) + (UD9 \times 10) + (UD10 \times 10) / 39$

Media aritmética das unidades que a integran

3ª Avaliación: $(UD4 \times 10) + (UD5 \times 3) + (UD11 \times 20) + (UD12 \times 20) / 53$

Media aritmética das unidades que a integran

CUALIFICACIÓN FINAL

Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro. Isto tamén rexe para a cualificación final.

No caso de que a cualificación da 2.^a avaliación sexa superior á da 1.^a, e que a cualificación da 3.^a avaliación sea superior a da 2.^a, tendo en conta que os contidos lingüísticos son obxecto de avaliación progresiva, o alumno/a será calificado con esta última cualificación.

Ao ser continua a avaliación o alumno/a poderá promocionar curso aínda que teña suspensa a 1.^a e/ou a 2.^a avaliación sempre que na 3.^a obteña unha nota mínima de 5 sobre 10.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado ten dereito a unha proba global da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10. O alumno promocionará curso sempre que obteña una nota mínima de 5 sobre 10.

A cualificación final non estará limitada polos resultados acadados durante o curso. O alumno/a recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro segundo a forma usual de redondeo.

Cráterios de recuperación:

1.^a Avaliación. O alumnado que non chegue ao 5 na primeira avaliación terá que facer unha recuperación durante a 2.^a avaliación que poderá ser selectiva (isto é, avaliar soamente aqueles contidos que non superou).

2.^a Avaliación. O alumnado que non chegue ao 5 na 2.^a avaliación non fará ningunha proba específica de recuperación durante a 3.^a, xa que esta parte da materia é obxecto de avaliación progresiva. No caso de aprobar a 3.^a avaliación terá aprobado o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PENDENTES LATÍN I LOMCE

Os alumnos con latín I pendente deberán ser capaces de demostrar un coñecemento evidente do conxunto xeral do que se lles avalía. A relación completa de contidos que o alumno debe acadar é a que segue:

Concepto de caso e declinación:

- Os casos latinos e os seus valores. Só se terán en conta os seguintes valores: nominativo: suxeito e atributo; acusativo: C.D. e complemento con preposición; xenitivo: C.N.; dativo: C.I.; ablativo con e sen preposición.

- Agrupación de palabras en cinco declinacións.

Flexión nominal:

- As cinco declinacións sen recorrer aos casos especiais.

- Declinación de adxectivos dunha, dous e tres terminacións.

- Comparativos e superlativos.

- Pronomes persoais, demostrativos, posesivos, relativos, indefinidos e interrogativos.

Flexión verbal:

- Elementos constituíntes dunha forma verbal.

- As conxugación regulares en activa e pasiva. O verbo sum.

A oración:

- A oración simple, nominal e predicativa.
- Concordancia entre suxeito e predicado e entre nome e adxectivo.
- Principais complementos verbais.
- Oración complexa: as de relativo e as de infinitivo e participio.
- As introducidas por ut e cum

Léxico latino e evolución:

- Coñecer un mínimo de vocábulos latinos (arredor de 25)
- Evolución das linguas romances: ditongos, vogais postónicas, xordas e sonoras intervocálicas, grupos consonánticos iniciais e en interior de palabra.

Cultura:

- As tres grandes etapas da historia de Roma: Monarquía, República e Imperio. Características xerais.
- Os órganos de goberno: as maxistraturas.
- O exército
- As clases sociais en Roma durante a República.
- O concepto de Romanización.
- A vida cotiá: a familia, a educación, a vivenda, os espectáculos do Circo. O calendario.
 - Os principais deuses.

Para avaliar a os pendentes faranse dous exames

Os alumnos/as de 2º de bacharelato que teñan, durante o presente curso 2022-2023, Latín 1 pendente, serán citados oportunamente, ao comezo de curso pola xefa de Departamento de Latín, para proceder á entrega dun plan de traballo cos contidos esixibles e as actividades a realizar por conta propia. Ao final de cada trimestre realizaranse probas parciais que serán convocadas debidamente polo departamento. Ditas convocatorias e probas terán carácter oficial e único, e a non asistencia a elas terá carácter inescusable, salvo motivos de causa maior.

Os alumnos e alumnas deberán responder necesariamente a todas e cada unha das cuestións que se lles propoñan nos exercicios.

As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes serán anteriores a cada unha das tres avaliacións do curso académico.

Os alumnos terán que obter unha nota en ditas convocatorias igual ou superior a cinco (5) sobre dez (10) para aprobar latín 1.

No caso de non superar a materia, poderán presentarse á un exame final na convocatoria extraordinaria en xuño con cuestións similares ás das probas trimestrais. Para aprobar hai que obter un cinco (5) sobre dez (10).

A xefa de Departamento estará a disposición dos alumnos/as que o desexen para aclararlles dúbidas e orientarlles no seu estudo.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que queira cursar Latín II sen cursar previamente Latín I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar aquela. Esta acreditación poderá ser realizada de dúas maneiras:

1.º Cursando a materia como pendente. Neste caso o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

2.º Realizando unha proba específica antes do inicio das actividades lectivas do curso 2022-2023

23. Neste caso a proba constará das seguintes partes:

a) Pregunta tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, romanización, legado e orixe da lingua latina, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas 1 a 4 desta programación. Esta pregunta achegará o 25 % da puntuación total da proba.

b) Exercicio de lectura en voz alta de texto latino. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.

c) Exercicio de comprensión de texto. O alumnado lerá un texto e responderá en latín as preguntas de comprensión deste texto. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.

d) Exercicio de tradución de texto latino a castelán ou galego, segundo prefira a persoa discente. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.

Hase considerar que acredita os coñecementos precisos a persoa discente que na devandita proba acade 5 ou máis puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Realizada a avaliación inicial e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.).

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.

- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co departamento de orientación e o resto do equipo educativo.

En todo caso, o alumnado repetidor será obxecto dun plan e seguimento específico. Sería moi recomendable que neste plan se recolliesen as circunstancias concretas que dificultan o proceso de aprendizaxe da/o alumna/o en cuestión e que as medidas se deseñen tendo en conta estas circunstancias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X		
ET.4 - ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - O emprendemento social e empresarial.								
ET.6 - ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - A comunicación audiovisual.				
ET.4 - ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X
ET.6 - ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, deseñada para que o alumnado mediante a lectura aprenda a se expresar por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
2. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente na 1.ª avaliación, mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción de vídeos e recursos audiovisuais propios.
4. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo nas unidades nas que se empregarán textos relacionados coa historia de Roma e a evolución da sociedade.
5. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións da persoa discente.
6. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do seu traballo, a persoa docente debe dar exemplo dunha xestión axeitada das emocións e transmitir a través do seu traballo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
7. A igualdade de xénero. A persoa docente debe transmitir, favorecer e insistir na igualdade de xénero como un factor que se debe integrar en todos os ámbitos da nosa sociedade.
8. A creatividade. A persoa docente debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Viaxe a Sicilia organizado polo departamento de latín e de xeografía e historia, xunto co departamento de latín do IES o Castro de Vigo	Actividade dirixida ós alumnos/as de 1º e 2º de bacharelato matriculados en arte e en latín. Visita a vila do Casale de Piazza Armerina, o val dos templos de Agrigento,, vilas do barroco siciliano, Neápolis de Siracusa, Palermo, a domus de Monreale, recinto arqueolóxico de Sinelunte. Datat: do 17 de xullo ao 21 de xullño do 2023.

Observacións:

Se ao longo do curso hai posibilidade de asistir a algunha representación teatral, exposición, museo con temática relacionada co mundo clásico, intentaremos ir co maior número de alumnos/as posible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.

4. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación.

Descrición:

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. Dado que os grupos adoitan ter un número de alumnado pequeno, o docente normalmente ten unha previsión dos resultados que terán os discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá ó docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa persoa docente é alto e responde ao planificado na programación. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía

desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e

mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura I	1º Bac.	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

Afirma Noam Chomsky que "a facultade da linguaxe parece ser unha propiedade da especie humana, común a toda ela e exclusiva da mesma no esencial, capaz de producir unha lingua complexa, rica e ben articulada a partir de datos bastante rudimentarios. A lingua que se desenvolve deste xeito, en grande medida seguindo liñas determinadas pola natureza común, penetra profundamente no pensamento e na comprensión e forma parte esencial da nosa natureza.

Reflexionar pois sobre a linguaxe e as súas distintas manifestación transcende a mera adquisición de coñecementos e habilidades, pois afonda no que somos como seres, na nosa esencia máis profunda. O homo sapiens non deixa de ser unha estrutura sintáctica de carne e óso.

Dicía Wilhelm Von Humboldt que "cada lingua constitúe en modo particular de interpretar o universo". Estamos obrigados non só a coñecer as variedades das linguas senón a interiorizar a enorme riqueza que nos aporta. Dalgún xeito a nosa materia é, en si mesma, un acto de proclamación da igualdade dos seres humanos e da riqueza das súas diferenzas.

Mais a lingua é ademais un instrumento de comunicación que empregamos sen ser conscientes dos mecanismos que a ordenan. Nos tempos da neolinguaxe, das noticias falsas e doutros tipos de manipulación do pensamento, resulta urxente que os cidadáns (iso son os nosos alumnos) coñezan as formas de comunicación, os resortes empregados para o uso das linguas tanto nas súas formas máis sublimes e morais como nas máis noxentas. Dalgún xeito temos que levar as aulas aquela dramática frase de Sábato: "o home moderno é un ser que vai durmido cara ao patíbulo, a misión da novela (aquí deberíamos empregar o ensino) é espertalo. Haberá sempre quen critique este acto de liberación. O propio Shakespeare poñía na boca dun dos seus personaxes malvados: "con traidoras trampas, corrompestes a mocidade do reino erixindo unha escola de gramática... Mal que vos pese, demostraremos que vos rodeastes de homes que falan de nomes e de verbos e doutras palabras abominables que nunca oído cristián foi quen de soportar", mais a nosa misión está en dotar aos educandos de mecanismos de defensa contra o escurantismo.

Fomentaremos pois o coñecemento da lingua, dos seus mecanismos de funcionamento e tamén un uso ético da mesma, baseada no respecto a igualdade de dereitos das persoas e da liberdade individual.

Por outra parte a literatura é a forma máis delicada da expresión das palabras; unha arte capaz de expresar a totalidade do pensamento e do sentimento e de converter o andar dos humanos en algo transcendente. A lectura permítenos vivir centos de vidas que doutro xeito non poderíamos experimentar, colocarnos na pel de seres maravillosos ou terribles e afondar na esencia das persoas e medrar con elas. Por iso non podemos reducir a alma dos nosos educando privándoos dunha das máis fermosas realidades do universo.

Somos conscientes da variedade dos niveis dos alumnos que se matriculan no bacharelato, mais tamén de que posúen coñecementos da gramática e a pragmática da lingua e tamén da literatura española. O obxectivo deste curso consistirá en afondar neses saberes e aumentar as súas competencias, especialmente a da comunicación lingüística. Ao mesmo tempo, os textos literarios servirán para ampliar a súa cultura e coñecemento do pasado e a súa relación co presente.

Entendemos tamén que no noso tempo é esencial para a formación dos individuos saber interpretar criticamente as fontes de información, tanto nos textos escritos en papel como na Internet, como no mundo audiovisual. A invasión enorme de información obríganos a educar aos alumnos para que saiban como xestionala de xeito autónomo e como seleccionar as fontes máis fiables..

O desenvolvemento das competencias dos alumnos implica, no nivel de bacharelato, o traballo interdisciplinario. Os coñecementos literarios, por exemplo, axudan á comprensión dos feitos históricos e viceversa; a complexidade do noso tempo fai necesarios uns saberes científicos sen os cales non pode interpretarse correctamente a realidade e, sen o debido coñecemento lingüístico, é imposible comprender os textos das disciplinas máis técnicas.

O alumno debe ser guiado no seu camiño polo mundo da literatura mais tamén é obxectivo desta etapa que saiba orientarse por si mesmo. Dalgún xeito o profesor debe outorgar mapas e compases pero parte do percorrido debe

desenvolvelo o alumno.

CA5.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		
CA5.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita: aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
8	A literatura ilustrada e romántica	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.	PE	41
CA4.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		
CA4.2 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.	TI	59
CA4.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		
CA4.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar una interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		
CA4.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura española obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		
CA4.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e alumnas deberán coñecer, explicar e identificar os contidos mínimos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes de autoras e autores da literatura universal contemporánea, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica, atendendo a aspectos temáticos, a xénero e subxénero, a elementos da estrutura, así como ao estilo e aos valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación de lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. - Lectura guiada de clásicos da literatura española desde a Idade Media ata o Romanticismo, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de

problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura clásica, desde a Idade Media ata o Romanticismo, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición

literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de investigación e consulta.
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.

Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes,
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Materiais de investigación e consulta.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabrvirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>

Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>

Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>

Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>

En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>

educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba escrita na primeira semana de clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	15	15	10	15	15	15	100
Proba escrita	40	50	45	40	30	41	100	41	50
Táboa de indicadores	60	50	55	60	70	59	0	59	50

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables: a) proba escrita e b) traballos na aula segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración etc.).

Para a obtención da cualificación de cada avaliación a ponderación efectuarase segundo as porcentaxes que se sinalan a continuación:

Lingua: 40%

Literatura: 40%

Lecturas: 15%

Traballo da aula: 5%

O alumno supera a materia cando a media das avaliación é igual ou superior a 5. A cualificación final e a media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superado a materia, segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dun examen final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai materias pendentes neste nivel.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

Propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza a s estudantes e eles a sí mesmos.

- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.
- Usar o resumo da unidade como unha forma de autoavaliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X			X			
ET.2 - Educación cívica ou en valores	X	X			X			
ET.3 - Formación estética			X			X		X
ET.4 - Entre mulleres e homes	X	X	X		X	X		X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Club de lectura Beroleo	Intenta fomentar o gusto pola lectura.
Club de Manga	Intenta fomentar a lectura e achegar aos alumnos a formas de expresión artística diferentes.
Celebración de efemérides	Día da poesía, entroido, magosto, día da paz, día da violencia contra a muller...
Elaboración de materiais audiovisuais	Intenta, de maneira práctica achegar os alumnos á linguaxe audiovisual.
Obradoiros	Permite achegar á linguaxe de xeito máis persoal.
Visionado de películas	Afonda nas relacións entre o audiovisual e a literatura.
Elaboración de crónica	Intenta fomentar a convivencia, a expresión e a interdisciplinaridade.
Saídas	Teatro, paseos didáctico-literarios...

Observacións:

O departamento comprométese anualmente con diversas actividades interdisciplinares do centro, como os recreos saudables, saídas a neve...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Informarase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias e as actividades que se van desenvolver.
Realizaranse actividades variadas tanto na tipoloxía como no sistema de traballo (individual, por parellas, en grupos grandes e pequenos..)
Empreganse materias e recursos diversos: impresos, audiovisuais...
Aplicaranse actividades como lectura comprensiva, procura de información significativa e desenvolvemento de tarefas.
Desenvolveranse, se é pertinente, as medidas de atención á diversidade.
Proporanse actividades de afondamento e ampliación.
Realizaranse as actividades complementarias programadas.
Aterémonos en todo ao establecido na programación.

Descrición:

A avaliación do proceso docente facilita a ordenación do traballo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación estará a disposición da comunidade educativa e proporcionarase ao alumnado a información dos aspectos máis relevantes. Ademais será obxecto de seguimento, avaliación e modificación a través da aplicación proens.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da mesma. Ademais na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vencelladas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos para favorecer a consecución dos obxectivos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua estranxeira I: Inglés	1º Bac.	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 1º de Bacharelato ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, esta programación suporá un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

O alumnado do noso centro é o característico dunha área urbana de costa que conserva rasgos rurais marcados. As familias en xeral son de clase media-baixa ou de clase media, en algúns casos monoparentais ou en proceso de selo.

Nos últimos anos presentase un alto índice de alumnado con necesidade de apoio, ben por problemas familiares, ou por algún tipo de doenza diagnosticada.

Temos tamén alumnado inmigrante, acostumado a outros xeitos de entender a vida escolar.

A presente programación pretende dar resposta a toda esta diversidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.	2-3-4	1-2	1	1	11-40			
OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-3	40			32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		31	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31			
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais	5	3			31	3		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Living in a Modern World	Presentación sobre os diferentes tipos de educación, o impacto e usos da tecnoloxía e o consumismo no mundo actual.	20	41	X		
2	Social Life and Nature	Reflexión sobre a vida en sociedade, os problemas e conflitos que ocasiona. A cultura do ocio e o descubrimento de lugares naturais no mundo como entretenimento e descanso fronte ó estrés.	30	37		X	
3	Physical and Mental Challenges	Fomento do pensamento crítico e a reflexión sobre condutas de risco e perigo. Alertas ante a manipulación, estafas e o engano.	50	27			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Living in a Modern World	41

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extrae e analiza as ideas principais de textos escritos e multimodais de certa lonxitude en preguntas semiabertas e/ou pechadas.	PE	50
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpreta e valora textos orais de medios de comunicación, académicos ou ficcionais de maneira crítica a través da resposta a preguntas semiabertas e /ou pechadas.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Utiliza adecuadamente estratexias de análise, selección, síntese e reformulación da información global e específica dos textos por medio de produción dunha paráfrase persoal dos mesmos.		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	É capaz de comparar o funcionamento interno de diferentes linguas ao establecer interrelacións entre as estruturas gramaticais das linguas nativa e estranxeira identificando, organizando e utilizando unidades lingüísticas tales como o léxico, a morfosintaxe ou os patróns sonoros	TI	50
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Produce oralmente textos adecuados á situación comunicativa de maneira fluida, coherente, clara, organizada e acorde ao rexistro pertinente e á gramática, empregando ademais de recursos verbais e non verbais, estratexias de planificación, control e compensación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio</p>	<p>Produce de maneira escrita textos detallados con certa complexidade e adecuados á situación comunicativa, así como á tipoloxía textual e as regras gramaticais, mantendo unha organización clara das ideas e das opinións propias.</p>		
<p>CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.</p>	<p>Aplica correctamente as estratexias de planificación, produción e revisión nos textos de produción propia coa finalidade de dotalos dunha estrutura clara e dunha intención comunicativa definida.</p>		
<p>CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios</p>	<p>A través de soportes audiovisuais, planifica situacións comunicativas sobre temas de interese público mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, colaborando cos compañeiros na representación dun contexto comunicativo concreto.</p>		
<p>CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.</p>	<p>Executa con fluidez e corrección as estratexias necesarias para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.</p>		
<p>CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.</p>	<p>Interpreta adecuadamente os conceptos contidos na imaxe, texto, cartel ou infografía proposta, mostrando respecto polo interlocutor e as variedades lingüísticas, mitigando na medida do posible o choque cultural.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplica as estratexias necesarias para facilitar o traslado da información contida na imaxe, texto, cartel ou infografía proposta, empregando para tal fin os coñecementos gramaticais que require unha situación de mediación.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Presenta iniciativa á hora de empregar estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio dos seus compañeiros		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Mostra resiliencia con respecto ás dificultades e dúbidas xurdidas no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, expresándoas mediante producións propias que reflicten unha autoavaliación dese proceso		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Elabora un proxecto multimodal acorde cos principios de xustiza, equidade e igualdade, o cal valora a diversidade lingüística, cultural e artística a través da investigación e posterior exposición de resultados sobre un tema asignado previamente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.

Contidos

- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Social Life and Nature	37

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extrae e analiza as ideas principais de textos escritos e multimodais de certa lonxitude en preguntas semiabertas e/ou pechadas.	PE	50
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpreta e valora textos orais de medios de comunicación, académicos ou ficcionais de maneira crítica a través da resposta a preguntas semiabertas e /ou pechadas.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Utiliza adecuadamente estratexias de análise, selección, síntese e reformulación da información global e específica dos textos por medio de produción dunha paráfrase persoal dos mesmos.		
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Irmáns de leite.	<p>Realización dunha avaliación inicial nas primeiras sesións.</p> <p>Abordaxe do coñecemento da realidade multilingüe do Estado español. Atenderase especialmente ao desenvolvemento sociohistórico do galego e do portugués. Estudo do acento diacrítico e breve presentación das categorías gramaticais. Verase o uso correcto de todos os signos de puntuación, avanzarase no emprego eficaz do corrector ortográfico en liña, OrtoGal. O alumnado coñecerá ferramentas lingüísticas dixitais para ter toda a terminoloxía á súa disposición. Estudaranse as características do texto oral e do texto escrito. Focalizarase a atención nun dos principais textos académicos: o ensaio. Atenderase á súa estrutura básica e características. Pescuda bibliográfica de ensaios en galego sobre diferentes temáticas, a partir da recomendación da/o docente.</p> <p>Iniciarase o estudo da literatura medieval galego-portuguesa. Difundiranse entre o alumnado fontes de consulta relacionadas coa tradición literaria medieval galego-portuguesa.</p>	10	10	X		
2	Quen puidera namoralá.	<p>Estudo dos trazos lingüísticos distintivos das linguas da Península Ibérica, con especial atención ao éuscaro e ao catalán. Abordaxe da situación sociolingüística das linguas do Estado español.</p> <p>Tratamento dos elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como dos elementos non verbais da comunicación: xestos, miradas, postura, ton e velocidade da voz.</p> <p>O estudo das seguintes propiedades textuais I: a coherencia e a cohesión, con especial atención á cohesión a través do uso dos tempos verbais.</p> <p>Lectura obrigatoria dun ensaio de carácter sociolingüístico. Atenderase á temática que aborda este xénero, á súa estrutura e estilo; así como aos valores éticos e estéticos que transmite.</p> <p>Repaso xeral dos diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico.</p> <p>Estudo da lírica profana e concretamente,</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Quen puidera namorala.	da cantiga de amigo e da cantiga de amor.	10	11	X		
3	Persuasores ocultos.	<p>Estudo das variedades dialectais do galego e do portugués de Portugal e do Brasil. Análise das propiedades textuais II: a adecuación.</p> <p>Realización dunha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil, por exemplo, o ciberanzol. Planificación da temática e procura de información. Terase en conta a audiencia á que vai destinada, o tempo de exposición, controlaranse os aspectos da linguaxe non verbal e aplicaranse os trazos discursivos e lingüísticos característicos da oralidade formal.</p> <p>Elaboración dun proxecto sociolingüístico baseado no ecolingüismo a partir da traxectoria propia e do contexto familiar, cada estudante confeccionará unha árbore lingüística familiar que se publicará dixitalmente na revista do centro, alén de realizar unha exposición pública perante o resto de compañeiros/as.</p> <p>Estudo dos pronomes, as preposicións e as conxuncións e a súa localización nun texto. As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores da lírica profana.</p>	15	14	X		
4	Como pórle un piercing á lingua.	<p>Identificación de prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua e estratexias para contrarrestalos.</p> <p>Estudo dos xéneros discursivos do ámbito social. Por unha banda, estudarase a conversa sincrónica (chat) como exemplo referido ás redes sociais e pola outra, a crónica informativa ou xornalística como exemplificación dun xénero discursivo característico dos medios de comunicación. O alumnado aprenderá a gardar información académica nunha plataforma de almacenamento persoal na Rede.</p> <p>Do punto de vista do funcionamento da lingua, nesta unidade abordaranse os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a.</p> <p>Afondarase na lírica relixiosa medieval, na decadencia da lírica galego-portuguesa e na prosa medieval. Relacionaranse algunhas composicións con outras obras (clásicas e actuais) e con outras experiencias artísticas e culturais. O alumnado deberá saber interpretar as</p>	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Como pór lle un piercing á lingua.	obras ao abeiro do seu contexto sociohistórico.	10	8		X	
5	Falemos claro!	<p>Análise dos fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. Influencia das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.</p> <p>Estudo dos textos orais e concretamente, do diálogo. Emprenderase o estudo do diálogo espontáneo ou conversa e do diálogo planificado, centrando a atención no debate, no faladoiro e na entrevista.</p> <p>Tratamento da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración). Lectura dun poemario de carácter amoroso do século XXI.</p> <p>Realización dun booktráiler sobre esta obra con análise dos seus elementos constitutivos e relación entre a temática dos poemas e a lírica profana medieval estudada. A lectura desta obra será o precedente para efectuar o tratamento do canon literario e o estudo da distinción entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.</p> <p>Distinción dos tipos de oracións compostas por coordinación.</p>	10	12		X	
6	Influencers de antano.	<p>Inicio da unidade cunha lectura de carácter sociolingüístico con análise dos usos discriminatorios da lingua e da manipulación da linguaxe.</p> <p>Xéneros discursivos do ámbito académico II: a recensión. Estrutura básica e características.</p> <p>Estudo das propiedades textuais III: conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</p> <p>Niveis de lingua e niveis de fala e con estes, os usos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</p> <p>Proxecto de creación literaria de microrrelatos para seren despois publicados (por medio de códigos QR) na revista dixital do centro e nas redes sociais do EDLG. Pescuda de obras da literatura galega e lusófona que constitúan precedentes.</p> <p>Localización das funcións sintácticas que hai en oracións compostas por</p>	10	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Influencers de antano.	<p>coordinación.</p> <p>O Rexurdimento e a figura de Rosalía de Castro. Lectura da súa obra con perspectiva de xénero e vínculos intertextuais con obras doutros autores.</p>	10	13		X	
7	Ata cando imos gardar silencio?	<p>Estudo dos dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</p> <p>Construción, de xeito autónomo, de oracións compostas copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas</p> <p>Atenderase á alfabetización informacional a través do estudo da noticia, abordaranse aspectos como a propiedade intelectual, as noticias falsas e o ciberanzol. Nocións de tecnoética: o copyright.</p> <p>Estudo da vida e obra de Curros Enríquez. Análise da súa obra ao abeiro do contexto sociohistórico e da tradición literaria. O alumnado declamará algúns dos seus poemas ao tempo que se fará unha interpretación dunha serie de composicións seleccionadas pola/o docente das súas obras, "Aires da miña terra" e de "O divino sainete" que serán posteriormente sometidos a discusión e conversas literarias na biblioteca do centro. Veranse as influencias doutros autores na obra de Curros Enríquez.</p>	10	9			X
8	"Entre amigos e soldados, cumprimentos escusados"	<p>Nesta unidade abordaranse os modelos de convivencia entre as linguas, as súas causas e consecuencias.</p> <p>A seguir, ensinaranse estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.</p> <p>Amais disto, veranse os procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexionarase sobre as mudanzas no seu significado. Posteriormente, estudaranse as relacións semánticas destas. E, finalmente, abordaranse os valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</p> <p>Lectura dunha novela gráfica que ten como protagonista a Pondal e que se relacionará, á súa vez, co contexto da súa época.</p> <p>Estudo da biografía e obra de Eduardo Pondal, relacionando as súas composicións co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria.</p>	10	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Querías ser carballo e non eucalipto. Nocións de ecolingüística.	Nesta unidade veranse varios conceptos de carácter sociolingüístico: As linguas hexemónicas, as linguas minoritarias e as linguas minorizadas. Abordarase tamén o ecolingüismo. Elaboración dun traballo acerca do sexismo na publicidade, partindo dunha investigación bibliográfica a partir de recomendacións da/o docente. Avaliarase a elaboración, a corrección gramatical e ortográfica, e a propiedade léxica Proxecto de creación dun programa de televisión en liña sobre os clásicos da literatura galega (e lusófona) do XIX. Elaboración dun pequeno traballo de investigación sobre unha das categorías gramaticais abordadas ao longo do curso. Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital. Estudo da literatura galega da etapa, «Antre dous Séculos» (1890-1916).	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Irmáns de leite.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual.	Recoñece as variedades dialectais do galego.	PE	85
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Usa correctamente o acento diacrítico, coñece as categorías gramaticais e emprega axeitadamente todos os signos de puntuación.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece o contexto sociohistórico e a xénese da lírica medieval galego-portuguesa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características do texto oral e do texto escrito.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Coñece a estrutura básica e as características do ensaio.	TI	15
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Quen puidera namorala.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación: emisor, receptor, canle, código, mensaxe, referente e situación; así como os elementos non verbais da comunicación: xestos, ton...	PE	75
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura que aborda o ensaio como lectura obrigatoria deste trimestre.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza a lectura dun ensaio sobre sociolingüística. Establece vínculos da súa temática coa actualidade.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Recoñece os trazos distintivos da lírica profana e concretamente, das características da cantiga de amigo e da cantiga de amor.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece os diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico.		
CA1.1.2. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá).	Contrasta os trazos lingüísticos distintivos do éuscaro e do catalán.	TI	25
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.		
		Baleiro	0

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

UD	Título da UD	Duración
3	Persuasores ocultos.	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Identifica as características das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana.	PE	10
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os pronomes, as preposicións e as conxuncións nun fragmento dun ensaio achegado pola/o docente.		
CA1.1.3. - Contrastar de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada as variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Compara as variedades dialectais do galego e do portugués de Portugal e de Brasil.	TI	90
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha deliberación oral argumentada sobre unha temática relacionada co ámbito xuvenil. Planifica a temática. Pescuda información. Aplica trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Participa en conversas literarias na aula, dando a súa interpretación das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana que seleccionou previamente para traballar neste espazo.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve un proxecto sociolingüístico baseado no ecolingüismo a partir da traxectoria propia e do contexto familiar. Fai unha árbore lingüística familiar. Realiza a exposición oral do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
4	Como pórllle un piercing á lingua.	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.4. - . Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas.	Identifica prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. Dá argumentos para contrarrestalos.	PE	75
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido, a estrutura e a información máis importante da conversa sincrónica (chat), como exemplo dunha rede social e da crónica informativa ou xornalística, como exemplo dun medio de comunicación.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Recoñece os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración en exemplos achegados polo profesor/a: proceso, actor ou axente, obxecto ou paciente, beneficiario, locativo, instrumento, tempo.	TI	25
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Relaciona algunhas composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais).		
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	Falemos claro!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Coñece os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece as características básicas da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración). Interpreta as composicións ao abeiro do seu contexto sociohistórico.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Distingue os tipos de oracións compostas por coordinación aparecidas en textos alleos de diversa complexidade.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Coñece as características do diálogo espontáneo ou conversa; así como as do diálogo planificado. Diferencia entre debate, faladoiro e entrevista.	TI	60
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Lectura dun poemario dun autor actual. Realiza un booktráiler e procura vínculos entre a temática destes poemas e a lírica profana. Distingue literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - tradición literaria. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
6	Influencers de antano.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins.	PE	25
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Coñece as características e a estrutura básica da recensión. É capaz de elaborar este tipo de texto académico, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Busca vínculos intertextuais entre as composicións de Rosalía de Castro e as obras doutras/os autoras/es e establece relacións entre as creacións literarias de Rosalía e outras manifestacións artísticas.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Interpretación, con perspectiva de xénero, de fragmentos de obras de Rosalía de Castro; atendendo tamén ao contexto sociohistórico da época.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve un proxecto de creación literaria de microrrelatos para publicar (por medio de códigos QR elaborados para este fin) na revista dixital do centro e nas redes sociais do EDLG.	TI	75
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Pescuda, coas orientacións da/o docente, precedentes na literatura galega e portuguesa de microrrelatos, co propósito de ter un punto de partida sobre o que basearse para facer o proxecto deste trimestre.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Crea microrrelatos baseándose en obras lidas (nomeadamente da literatura lusófona), revisa as súas creacións e fai propostas de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
7	Ata cando imos gardar silencio?	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Coñece os seus dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis: Estatuto de Autonomía (1981), Lei de normalización lingüística (1983), Plan xeral de normalización da lingua galega (2004).	PE	80
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas e aplica pautas para evitar o ciberanzol.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Coñece a biografía de Curros Enríquez e o contexto histórico da súa época. Interpreta fragmentos das súas obras "Aires da miña terra" e de "O divino sainete".		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Constrúe, de xeito autónomo, oracións compostas coordinadas: copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Selecciona poemas das obras "Aires da miña terra" e "O divino sainete" para seren posteriormente sometidos a discusión en conversas literarias na biblioteca do centro	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	"Entre amigos e soldados, cumprimentos escusados"	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

CA1.1 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	PE	60
CA1.2 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA2.5 - Comparar textos ou fragmentos literarios entre si e con outras manifestacións artísticas argumentando oralmente ou por escrito os elementos de semellanza e contraste, tanto no relativo a aspectos temáticos e de contido coma formais e expresivos, atendendo tamén aos seus valores éticos e estéticos.	O alumnado será capaz de comparar axeitadamente, desde o punto de vista temático, formal, ético e estético, textos procedentes do cómic con outras expresións culturais ou artísticas, como o cinema.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, nun texto argumentativo ou nunha presentación multimodal que mostren unha resposta persoal, ao redor dunha cuestión que estableza vínculos argumentados entre os clásicos da literatura universal obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.	O alumnado será quen de colaborar axeitadamente na elaboración dun relato dixital coa aplicación Storyboard ou similar que reproduza de forma creativa parte de trama dunha película baseada nun cómic.	TI	40
CA1.4 - Acceder a diversas manifestacións da cultura literaria no marco dun itinerario lector persoal que enriqueza, de forma consciente e sistemática, a propia identidade lectora e que facilite compartir as propias experiencias de lectura utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de acceder de maneira autónoma ás distintas manifestacións da cultura literaria, expresando de forma específica os motivos da súa elección e a experiencia lectora vinculada a ela.		
CA3.7 - Elaborar de maneira individual ou colectiva unha exposición multimodal que sitúe os textos lidos no seu horizonte histórico-cultural e que ofrezca unha panorámica de conxunto sobre movementos artísticos e obras relevantes da literatura universal.	O alumnado será quen de realizar axeitadamente unha exposición multimodal comparando a película visionada en clase, o cómic orixinal e o produto creado polo grupo cunha aplicación dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Comentar textos de maneira crítica, de forma oral ou por escrito, e participar en conversacións literarias acerca de lecturas nas que se incorpore a perspectiva de xénero e nas que se poña en cuestión a mirada etnocéntrica propia do canon occidental, así como calquera outro discurso predominante na nosa sociedade que supoña opresión sobre calquera minoría.	O alumnado será quen de participar nun debate, analizando correctamente os paralelismos e diferenzas entre a película visionada en clase, o cómic do que procede e o relato dixital creado polo grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dicar o eu. Identidade e literatura. - Imaxinar o mundo, observar o mundo, actuar no mundo. - Mundos en imaxes. O cómic. O cinema. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Identificación e análise dos tópicos literarios como elementos de continuidade na creación literaria. - Utilización da información socio-histórica, cultural e artística necesaria para interpretar as obras e comprender o seu lugar e importancia na tradición literaria. - Establecemento de vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, estilos e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión e de oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Utilización autónoma e frecuente de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade ou con outras manifestacións artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Literatura Universal pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas habilidades para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora dos estudantes e na toma de decisións responsables, asentadas no seu espírito crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o docente adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar ao alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios,

vinculando as obras con outros textos ou expresións artísticas e, sobre todo, formando lectores e lectoras competentes.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Literatura Universal con outras disciplinas do currículo, dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Literatura Universal. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos literarios extraídos do patrimonio universal, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia a súa interpretación, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

-Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno e alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book ou PDF, entre outros), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base. Polo tanto, o lector ou lectora adquire un maior protagonismo ao construír o seu propio itinerario de lectura, fronte á linealidade do proceso asociado ao libro impreso ou tradicional.

-Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura universal, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

-Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais,

booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dun amplo corpus de materiais audiovisuais que incidan na comprensión de textos académicos e literarios, favorezan a interpretación doutras manifestacións artísticas como a danza, a música ou o cine e desenvolvan a capacidade estética do alumnado.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos literario e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual. Lectura de textos críticos suxestivos para interiorizar que a unha obra literaria medra no seu valor a partir de distintas e fecundas interpretacións.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e de resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

13) Análise da linguaxe audiovisual, para dotar ao alumnado dunha recepción crítica das obras audiovisuais. Reflexión acerca do proceso de adaptación das obras literarias a outras artes: cinema, música, etc.

14) Reflexión acerca da influencia das obras audiovisuais e a súa linguaxe na literatura.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.

Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.
Contemplación de obras cinematográficas que adapten textos literarios como ferramenta para comprender as técnicas de ambas artes e as diferencias e similitudes entre ambas.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Literatura Universal debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Literatura Universal supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos literarios orais, escritos e multimodais para a súa análise e comentario.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos de autores e autoras relevantes da literatura clásica e contemporánea, procedentes do patrimonio universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas e/ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planifícanse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social operados desde a Idade Media ata a actualidade.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual terá como obxectivo orientar o coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nas unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Potenciarase a creación de recursos dixitais individuais, como o portfolio ou o diario de lectura; colectivos, como o blogue de aula ou os murais interactivos; ou a utilización de aplicacións informáticas para a gravación das producións orais dos estudantes. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabrvirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

Wikiversidad: <https://es.wikiversity.org/wiki/Portada>

Lugares, libros e autores: <https://www.worldliteraryatlas.com/es>

Literatura universal, en español: <https://www.march.es/es/madrid/literatura-universal-espanol>

Poéticas: http://poeticas.es/?page_id=2

A media voz: <http://amediavoz.com/traduccion.es>

Cine e educación: <https://educomunicacion.es/cineyeducacion/index.htm>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita tipo test sobre cuestións propias da materia a efectos de achegar datos para a avaliación inicial. Tamén se procederá a un diálogo cos alumnos para recabar información sobre o porqué da súa elección, dos seus gustos e do seu nivel de lecturas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	20	10	10	10	10	100
Proba escrita	70	60	45	70	60	70	60	55	60	61
Táboa de indicadores	30	40	55	30	40	30	40	45	40	39

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba escrita.

b) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística,

elaboración de proxectos e exposicións.

A ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Fará o seguimento da materia pendente a persoa que ocupe a xefatura do departamento, quen informará e orientará ao alumnado afectado desde o primeiro mes de clase e ata o remate do procedemento.

A materia estará recuperada en caso de superar os dous exames parciais a realizar en decembro e abril. En tal caso, a cualificación obtense da media das dúas probas, con aplicación de redondeo.

De non recuperar a materia por tal vía, haberá un exame global a final do curso, en data fixada pola xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todos os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que o alumnado, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e

todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

-Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

-Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.

-Deseño de programas específicos de reforzo e de ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

-Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo debe basearse en contextos auténticos e recoñecibles. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

-O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

-A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.

-A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X		X	X
ET.3 - A educación emocional e en valores		X			X	X	X	X
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X	X		X		X		
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible					X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática					X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.2 - A competencia dixital	
ET.3 - A educación emocional e en valores	
ET.4 - A creatividade e a formación estética	X
ET.5 - A igualdade de xénero	X
ET.6 - O compromiso co desenvolvemento sostible	
ET.7 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática	X

Observacións:

No artigo 19 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser respectuosos coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmos e colaborar e traballar en equipo; ser creativos e emprendedores. Tamén deben estar comprometidos co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Entrevistas ficticias a autores e autoras representativos da literatura universal.	O docente dividirá a clase en grupos e outorgaralle a cada un deles un autor ou autora representativo do programa do curso. Cada grupo recabará información sobre ese autor ou autora e preparará unha entrevista atendendo a aquelas cuestións que considere relevantes da súa obra. Unha persoa do grupo fará de entrevistado, outro de xornalista, outro de editor e outro montará a entrevista nun blogue de aula. Esta actividade permitirá afondar nos coñecementos sobre a figura e obra do autor ou autora estudado, fomentará a creación literaria, a expresión escrita e a comprensión lectora. Para realizar as tarefas demandas, o alumnado deberá aprender a xestionar e seleccionar correctamente a información, terá que traballar en equipo e ser hábil coas ferramentas dixitais.
Organización dun club de lectura dentro da aula.	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos complementarios ao currículo da materia. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.
Gravación de podcast con lecturas de textos literarios do programa da materia.	O alumnado pode gravar textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos máis significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. A lectura enriqueceríase coa selección de música apropiada para cada texto concreto, explicando ao resto de compañeiros e compañeiras o porqué da elección desa composición musical.
Elaboración de booktráilers con comentarios de obras que forman parte do programa da materia.	Esta actividade é idónea para que o alumnado sexa o protagonista do proceso de aprendizaxe. Os comentarios e exposicións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os estudantes.
Cine-Fórum.	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as destrezas sociais (capacidade conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes.

Actividade	Descrición
Roteiros literarios.	A literatura é unha das fontes culturais máis ricas do noso patrimonio. A través das obras de grandes autores e autoras, é posible coñecer a sociedade e cultura de diferentes momentos da historia, así como gozar coas súas historias e personaxes. Joyce, Homero, Dickens, Verne, Jane Austen ou Cervantes son algúns dos literatos que deixaron pegada en diferentes espazos. O docente seleccionará unha serie de textos e o alumnado, dividido en grupos, deberá localizar os espazos que detallan os escritores e escritoras e propoñer un percorrido para gozar do noso patrimonio literario. En primeiro lugar, o alumnado terá que deseñar un mapa interactivo no que se visualicen os escenarios da obra en cuestión. A continuación, deberá elaborar unha guía de viaxe que percorra os mesmos escenarios nos que se desenvolven as tramas, o lugar onde se escribiu a novela ou utilizar os medios de transporte nos que viaxaron os protagonistas.
Biografía de personaxes femininos representativos da literatura universal.	Desde a antigüidade clásica ata a actualidade, escritores e escritoras de todas as épocas obsequiáronnos a través das súas creación con algunhas das protagonistas máis inesquecibles da historia da literatura. Estes grandes personaxes literarios funcionan como espellos a través dos que se miran as sociedades no seu percorrido pola historia. Propoñeremos ao alumnado que investigue nas obras do programa e realice unha selección destas protagonistas femininas (Medea, Julieta, Emma Bovary, Ana Karenina, Margueritte Duras, etc). A continuación, elaborará, coa axuda do profesorado, un REA no que informe sobre o contexto histórico do personaxe, escriba a súa biografía, a relacione con algunha historia recente aparecida nos medios de comunicación e imaxine unha trama con este personaxe adaptada ao momento presente.

Observacións:

As actividades complementarias están deseñadas para que o alumnado poida perfeccionar as súas aprendizaxes e así obter un mellor rendemento durante o seu proceso de ensino-aprendizaxe. Desde este departamento consideramos necesario que a adquisición dos coñecementos non só leve a cabo na aula. Deste xeito, entendemos que unha parte importante da nosa materia debe ser desenvolva tamén a través das actividades complementarias.

A diversidade de actividades persegue que o alumnado sinta motivado para participar en proxectos colectivos enfocados aos seus centros de interese, ás súas afeccións particulares e aos seus propios ritmos de aprendizaxe. Isto deberá contribuír a que os estudantes poidan alcanzar máis facilmente os obxectivos establecidos para esta materia. Estas actividades están destinadas, principalmente, a favorecer o desenvolvemento e o gusto pola lectura e a escritura, obxectivos básicos da materia de literatura universal.

A materia tamén contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia en conciencia e expresións culturais. Tanto polos contidos teóricos desta materia como polos fragmentos textuais que se traballan nas actividades complementarias, os alumnos entrarán en contacto coas grandes obras e os grandes autores universais, achegándose así ao patrimonio cultural mundial.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspena.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas

necesidades de aprendizaxe.

-A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Literatura Universal estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019475	IES de Rodeira	Cangas	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I	1º Bac.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	24

1. Introducción

As matemáticas están relacionadas e presentes no mundo que nos rodea, permítennos estudar a actividade humana e xogan un papel relevante, polo seu carácter instrumental básico para adquirir coñecementos doutras disciplinas e para poder resolver problemas asociados a outras materias.

As Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais teñen un papel crucial na análise de problemas sociais mediante o razoamento e a argumentación, a representación e o uso de modelos que permitan facer inferencias sobre o comportamento social e humano.

Permiten ao alumnado desenvolver as competencias necesarias para acadar todos e cada un dos obxectivos da etapa de bacharelato.

Favorecen o desenvolvemento do espírito crítico, relacionado con saber escoitar, argumentar, razoar, demostrar, interpretar e chegar a conclusións tanto sobre os problemas sociais como sobre o comportamento humano.

Pero requiren esforzo, constancia e constancia na procura de solucións, por iso contribúen ao desenvolvemento e reforzo dos hábitos de estudo e da disciplina. Ademais, para resolver os problemas das ciencias sociais, é necesario desenvolver a creatividade e a flexibilidade no razoamento.

Coñecer matemáticas implica moito máis que saber resolver problemas ou tarefas, tamén é saber expresarse correctamente oralmente, por escrito e, sobre todo, cunha notación rigorosa e precisa. Ademais, é necesario traballar cun gran volume de datos, polo que o uso da tecnoloxía será fundamental.

Esta programación didáctica, está pensada para a materia de Matemáticas aplicadas ás CCSS I do 1º curso de Bacharelato. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste centro educativo hai 2 grupos nos que se imparte a materia: 1º de Bach D (24 alumnos/as) e e 1º Bach E (18 alumnos/as) .

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	2	40	3	3	
OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito das ciencias sociais.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	2-3				32
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	NÚMEROS REAIS	Esta unidade traballa a comparación, ordenación e clasificación entre números racionais e irracionais e as súas propiedades; así como uso da relación entre potencias, raíces e logaritmos de números reais para simplificar expresións alxébricas.	10	16	X		
2	MATEMÁTICAS FINANCIERAS	O Índice de variación, o IPC, o uso das progresións no estudo dos xuros, o TAE, os plans de pensións e aforros, os préstamos e	10	16			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	MATEMÁTICAS FINANCIERAS	as hipotecas aplicados na vida cotiá son obxecto desta unidade.	10	16			X
3	ECUACIÓNS, INECUACIÓNS E SISTEMAS	Nesta unidade trátase a xeneralización de padróns mediante expresións alxébricas definidas explícita e recorrentemente, e o uso de ecuacións, inecuacións e sistemas na aplicación á resolución de problemas.	12	17	X		
4	FUNCIÓNS	Lembraremos e completaremos os aspectos básicos sobre o concepto de función, as diferentes formas en que se nos presentan, os aspectos máis relevantes do mesmo (dominio, percorrido, crecemento, máximos e mínimos, discontinuidades,...). Estudaremos diferentes tipos de funcións: polinómicas sinxelas, de proporcionalidade inversa, exponenciais, logarítmicas, definidas a anacos, periódicas, irracionais.... as súas propiedades, transformacións e representacións aplicando á análise, formulación e resolución de problemas. Tamén estudiaremos as operacións básicas entre elas: suma, resta, multiplicación, cociente e composición, así como o cálculo da inversa. Esta unidade debe ser considerada, en boa medida, como unha revisión do estudado en secundaria. (exponenciais, racionais sinxelas, irracionais, logarítmicas, periódicas e a anacos),	12	17	X		
